



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E OITO (28) DE SETEMBRO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:40 h. do día 28 de setembro de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.





CONCELLO DE
OLEIROS

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 202204717, de 25 de setembro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 27 de xullo de 2023.
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede do Estudo de Detalle para agrupación das parcelas ex3.1 e ex3.2 do Plan Parcial do SUNP I-33-R, Iñas.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Oleiros correspondente ó exercicio 2022.
- 4º.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos.
- 5º.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer.
- 6º.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaración responsables e comunicación previas.
- 7º.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da Taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos.
- 8º.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal.
- 9º.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos
- 10º.- Dar conta da formación do grupos político municipal “Mixto”-BNG, do seu voceiro, así como da autorización do membro electo de comunicación de documentación municipal a través de correo electrónico.
- 11º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023004424, mediante o que se realiza delegación específica en materia de cultura, ensino, xuventude e normalización lingüística a prol do concelleiro D. Ramón Maceira Giadanes.
- 12º.- Dar conta do informe do Plan anual de control financeiro 2023 relativo á actividade do exercicio 2022.
- 13º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023004562, polo que se aproban as liñas fundamentais do orzamento do Concello de Oleiros de 2024.
- 14º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023003790 ata o nº 2023004565 (ambos incluídos).
- 15º.- Mocións, rogos e preguntas.

Antes de iniciar a orde do día pola voceira do grupo “Socialista”, Dª **Mª Carmen Acuña**, solicítase por unha cuestión de orde a palabra, dado que presentaron unha proposta de declaración institucional que foi presentada por rexistro e non están contemplada na orde do día desta sesión...

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que como non está na orde do día non se vai tratar e ante a pregunta da voceira do grupo “Socialista”, Dª **Mª Carmen Acuña**, de que si non lle parece un tema o suficientemente importante o acontecido na final do mundial de fútbol feminino con motivo do triunfo da selección española e a actuación do presidente da Federación Española de Fútbol, contestando o alcalde que claro que lle pareceu importante e, de feito, actuaron no intre que había que facelo e sacaron unha pancarta grande con motivo da final do campionato municipal de fútbol feminino pedindo a dimisión do presidente da federación, por certo, final de fútbol feminino entre clubs municipais á que o grupo municipal “Socialista” non asistiu, ó que lle contesta a voceira do grupo “Socialista” que serían unha serie de propostas e compromisos do propio concello para completar as





CONCELLO DE
OLEIROS

actuacións realizadas con este feito e ó que o alcalde sinállalle que xa pasou moito tempo, xa o presidente dimitiu e cre que é un asunto que xa está amortizado, polo que se vai pasar a tratar o primeiro asunto da orde do día:

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 27 de xullo de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 27 de xullo de 2023*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede do Estudo de Detalle para agrupación das parcelas ex3.1 e ex3.2 do Plan Parcial do SUNP I-33-R, Iñas

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que promoveu este estudo de detalle a propiedade, PROGANDO SL, froito da necesidade e conveniencia da propia normativa do Plan Xeral, posto que no seu art. 5 establécese a obriga de redactar estudos de detalle cando se agrupen parcelas ou se subdividan.

A finalidade deste estudo de detalle non é propiamente a agrupación de parcelas, por non ser competencia propia do estudo de detalle, senón a comprobación de que os volumes e edificacións adecúanse ás determinacións do planeamento parcial e neste expediente, ademais, a súa redacción xorde da vontade da propiedade de regularizar a agrupación das parcelas.

Conta con tódolos parabéns necesarios para o seu tramite, non se presentou alegación ningunha a súa aprobación inicial e obran no expediente informes favorables da Demarcación de Estradas do Estado, da Deputación Provincial e de Augas de Galicia, polo que procede a proposta de aprobar definitivamente o estudo de detalle presentado.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Con data 18 de agosto de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade do Secretario accidental, do seguinte teor literal (*transcripción literal parcial*):

“

1.OBXECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS





EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000014 (FG núm. 701)
DENOMINACIÓN	ESTUDIO DE DETALLE PARA AGRUPACION DAS PARCELAS Ex3.1 e Ex3.2 DO PLAN PARCIAL DO S.U.N.P. I-33-R, IÑAS.
ENTIDADE PROMOTORA	PROGANDO, S.L. (B-15.751.035)
ENTIDADE REDACTORA	Elena López Fernández, arquitecta Colexiada núm. 3340 - COAG
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	A necesidade e conveniencia de redacción deste Estudio de Detalle xurde da propia normativa do Plan Parcial que no seu artigo 5 establece a obriga de redactar estudos de detalle cando se agrupen parcelas ou se subdividan. Tendo en conta esta exigencia do planeamento parcial debemos entender que a finalidade do Estudio de Detalle non é propiamente a agrupación, que non é competencia propia do Estudio de Detalle, senón a comprobación de que os volumes e edificacións que serán resultado desta agrupación adecúanse as determinacións do Planeamento Parcial. Neste caso a necesidade de redacción do Estudio de Detalle (E.D.) xurde da vontade da entidade ou persoa promotora de regularizar a agrupación das parcelas Ex3.1 e Ex3.2 do Proxecto de Reparcelación do Plan Parcial do S.U.N.P. I-33-R, Iñas, xa recollida en escritura pública e no catastro (cunha única referencia catastral 5667502NH5956N0001WS).
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	Presentouse un estudo detalle con NRE 2022009004, de 18 de maio, que foi posteriormente corrixido pola versión con NRE 2022015280, de 23 de agosto. Esta última é a versión obxecto de informe.
INFORME TÉCNICO	Informe emitido por Alejandro Montero Criado, arquitecto municipal, con data 6 de setembro de 2022, para a aprobación inicial. Informe emitido por Alejandro Montero Criado o 3 de agosto de 2023 para a aprobación definitiva.

2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL	Informe emitido por Alejandro Montero Criado o 3 de agosto de 2023 para a aprobación definitiva.
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2022004279, de 8 de setembro
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. TITULARES	Notificacións realizadas o 15 de setembro de 2022, e publicación no DOG núm. 181 de 22 de setembro de 2022, e no diario La Voz de Galicia o 20 de setembro de 2022.
ALEGACIONES E INFORMES	Non se presentan alegacións. En canto aos informes, constan emitidos os seguintes: • Demarcación de estradas do Estado en Galicia: non emitido dentro do prazo do artigo 16.6 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, téndose excedido amplamente o prazo. • Deputación Provincial: recibido o 2 de decembro de 2022 • Augas de Galicia: recibido o 1 de decembro de 2022
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	NRE 2022015280, de 23 de agosto

3. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76, 79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159, 160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle





Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes*
- b) Ordenar os volumes edificables*
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan*

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.*

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe.

Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Por particulares con lexitimación para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade ou persoa promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obriga de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obriga de conservación da urbanización corra a cargo dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou de quen promove a urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obriga.





No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, solicitáronse os seguintes informes, que foron presentados na seguinte data:

INFORME SOLICITADO	DATA DE RECEPCIÓN	CONCLUSIÓN
Demarcación de estradas do Estado en Galicia	NON EMITIDO	artigo 16.6 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, enténdese conforme.
Deputación Provincial	2/12/2022	Favorable
Augas de Galicia	1/12/2022	Favorable

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d). 7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado "Ordenanza por la que se regirá la ordenación" de MEMORIA URBANÍSTICA DE LA ACTUACIÓN, páxina 5/5, que constitúe o contido da normativa do Estudo de Detalle
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.





CONCELLO DE
OLEIROS

5. Notificar á entidade ou persoa promotora e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”.

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000014 (FG núm. 701)
DENOMINACIÓN	ESTUDIO DE DETALLE PARA AGRUPACION DAS PARCELAS Ex3.1 e Ex3.2 DO PLAN PARCIAL DO S.U.N.P. I-33-R, IÑAS.
ENTIDADE PROMOTORA	PROGANDO, S.L. (B-15.751.035)
ENTIDADE REDACTORA	Elena López Fernández, arquitecta colegiada núm. 3340 - COAG
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	A necesidade e conveniencia de redacción deste Estudo de Detalle xurde da propia normativa do Plan Parcial que no seu artigo 5 establece a obriga de redactar estudos de detalle cando se agrupen parcelas ou se subdividan. Tendo en conta esta exigencia do planeamento parcial debemos entender que a finalidade do Estudo de Detalle non é propiamente a agrupación, que non é competencia propia do Estudo de Detalle, senón a comprobación de que os volumes e edificacións que serán resultado desta agrupación adecúanse as determinacións do Planeamento Parcial. Neste caso a necesidade de redacción do Estudo de Detalle (E.D.) xurde da vontade da figura promotora de regularizar a agrupación das parcelas Ex3.1 e Ex3.2 do Proxecto de Reparcelación do Plan Parcial do S.U.N.P. I-33-R, Iñas, xa recollida en escritura pública e no catastro (cunha única referencia catastral 5667502NH5956N0001WS).
DATA E NRE REDACCIÓN	NRE 2022015280, de 23 de agosto

SEGUNDO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e archivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado “Ordenanza por la que se regirá la ordenación” de MEMORIA URBANÍSTICA DE LA ACTUACIÓN, páxina 5/5, que constitúe o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar á entidade ou persoa promotora e ao equipo redactor, así como ás persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 3.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Oleiros correspondente ó exercicio 2022

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, salientando que visto o informe favorable da comisión especial de contas que tivo lugar o pasado 8 de agosto do presente ano, que o documento expúxose ó público polo prazo de 15 días hábiles, a través de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos desta corporación, entre os días 10 e 31 de agosto.

Tendo en conta que non se presentou alegación ningunha ó efecto durante o prazo sinalado, nin nos 8 días seguintes, cómpre achegar a aprobación da Conta Xeral do Concello de Oleiros do exercicio 2022, proceder a súa remisión telemática, que se levará a cabo a través da plataforma de rendición de contas das entidades locais e que tamén producirá plenos efectos ante o Tribunal de Contas do Estado.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que antes de iniciar a súa intervención quere poñer de manifesto que remata de recibir unha mensaxe por whatsapp de que existe unha diferenza ostensible entre o volume dos micrófonos dos grupos da oposición e o da alcaldía, dando a sensación de que os membros da oposición falan máis baixiño, polo que debería regularse...

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle que non permite que se dubide do traballo dos encargados da emisora municipal de radio dicindo que manipulan o volume dos micros, é indigno que diga iso...

O concelleiro “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, indica que non está a dicir iso, dí que existe un regulador de son que se chama potenciómetro para regular o volume de cada canal.

Tamén desexa rogar que non conste en acta a flagrante violación da protección de datos feita polo alcalde dicindo publicamente un enderezo particular aludido por unha serie de feitos, ó igual que tampouco debería constar en acta por ser unha violación flagrante ó art. 14 da Constitución Española, que prohíbe a discriminación por razón de orixe étnico, racial ou relixioso, falar de determinado colectivo como falou, polo que insiste en rogar en que non se recollan en acta.

Respecto ó asunto que se esta a tratar, a aprobación da conta xeral do 2022, o martes 8 de agosto houbo unha xunta da comisión especial de contas na que a pesares da coidade rede de comunicación da “Alternativa dos Veciños” e do alcalde, García Seoane, evidencia novamente un proxecto esgotado e unha xestión moi pouco eficiente deste concello. Da conta de descontrol e desgoberno ven dado porque 10 minutos antes de que empezase a xunta á que él acudiu puntual tivera que lembrarlle á secretaria do concello que había unha convocatoria de comisión porque todos se esqueceran.

13 dedicacións parciais ou exclusivas de concelleiros e concelleiras e alcalde, que lle custan arredor de medio millón de euros anuais; 7 persoas contratadas polo alcalde como asesores e que custan outros 200.000 € e ningún lembrouse que ese día estaba convocada a comisión especial de contas para tatar o ditame da conta xeral. Tras unha serie de chamadas urxentes, a comisión iniciouse con 15 ou 20 minutos de retraso e só estaba él en representación do PP, non sabe se os convocaran e o BNG aínda non tomara posesión como concelleiro nese intre.





CONCELLO DE OLEIROS

En todo caso, a conta xeral é unha foto dun asunto formal e nos que se toca os aspectos pautados e de obrigado cumprimento na súa redacción, non deberá ter maior problema pero o que no se entende foi o que viu nesa comisión e él tamén foi concelleiro na Coruña, porque os asuntos da comisión explicabaos un funcionario, nin o alcalde, nin unha concelleira do goberno dixeran nada, pero é que as respostas ás dúbidas plantexadas tamén as respostaba o funcionario, na vida viu iso porque as intervencións por parte do goberno municipal foron cero.

É difícil atopar unha situación de tal desgoverno que, primeiro esquecerse dunha comisión convocada por un mesmo e segundo, que teña que levar o peso dos asuntos un funcionario e non un político responsalbe dos mesmos, desde o PSdeG lamentan que o goberno presidido por García Seoane non se decida a centrarse nos problemas de Oleiros e da súa xestión diaria. No último pleno, achegouse un modificativo do orzamento que amosaban imprevisión, falla de proxecto e ineficiencia na xestión do público. Faltaban cartos para cuestións básicas de mantemento que deberían estar axeitadamente orzamentadas, como a limpeza de centros públicos ou o mantemento de instalacións térmicas, non lles fixo falla modificar iso sí, foron os gastos en publicidade, eses si que están moi pensados e traballados.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Unha vez que foi visto o informe favorable realizado pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 08/08/2023, sobre a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio de 2022, formulada pola Intervención Municipal, en cumprimento co disposto no artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se temos en conta que a citada Conta Xeral foi exposta ao público, xunto co precitado ditame, polo prazo de quince días hábiles, a través de Edicto de exposición publicado no BOP nº 151 do 09/08/2023, e exposto ao público no taboleiro de edictos desta Corporación, entre os días 10 e 31 de agosto de 2023, ambos incluídos, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se consideramos tamén que segundo consta en certificación acreditativa expedida o 18/09/2023 polo empregado municipal do Rexistro do Concello, e informe de intervención da mesma data, transcorrido o prazo de exposición pública da Conta Xeral do Orzamento desta Corporación correspondente ao exercicio 2022, non se presentou, durante este prazo nin nos oito días seguintes (do 1 ao 12 de setembro de 2023), ningún tipo de reclamación.

Por todo o anterior, e en cumprimento do disposto no punto 4 do artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, elévase ao Concello Pleno a presente **Conta Xeral do Orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2022** para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2022.

Segundo.- Proceder á remisión telemática da citada Conta Xeral antes do 15/10/2023, de acordo co previsto nos artigos 212.5, 223.2 e 223.4 do RDL 2/2004; remisión que se realizará a través da plataforma de rendición de contas das entidades locais e que tamén producirá plenos efectos ante o Tribunal de Contas en virtude do convenio, de 27/06/11, de colaboración suscrito entre o Consello e o Tribunal, para a implantación de medidas





CONCELLO DE
OLEIROS

de coordinación da rendición telemática das contas xerais das entidades locais de Galicia; todo elo de acordo co previsto na resolución do 01/06/16 pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do 31/05/16, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. (DOG Núm. 112, de 14/06/16)."

Punto 4.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, propoñendo o tratamento das proposta de modificación das ordenanzas fiscais que figuran na orde do día desta sesión de xeito conxunto, aínda que logo se voten por separado.

Intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, pondo de manifesto a súa negativa á proposta.

Ante isto, a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explica a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, aínda que como aspecto xenérico a todas elas sinala que as taxas son unha fonte de ingresos municipais que serven para para que o concello poida prestar servizos de calidade para a veciñanza.

Neste caso da ordenanza nº 1 propónse un incremento do 8,9% debido ó incremento de salarios desde a derradeira modificación que aprobouse no pleno de 26 de setembro de 2019, estes aumentos correspóndense coa aplicación das leis de orzamentos do Estado, que para o ano 2020 dun 2%; para o ano 2021 dun 0,9%; para o 2022 dun 3,5% e, finalmente, para o 2023 dun 2,5%, que casualidade que se veñen corresponder co incremento dos salarios dos membros do goberno municipal cando alegaron que subiran un vinte e pico por cento; o 8,9% que reflexan as leis do Estado, desde o ano 2020 ó 2023.

Esta ordenanza sobe por mor dos importes dos salarios porque se reflexan naqueles servizos que son realizados polo persoal municipal, tanto funcionarios coma laborais e de aí a proposta de incremento desde 8,9%.

Intervén o concelleiro do grupo "Popular", D. **Jaime Núñez**, sinalando que anuncia o goberno municipal unha subida da ordenanza municipal nº 1 debido ó incremento dos salarios e por conseguinte, un custo maior do desenvolvemento da actividade, nun 8,9%.

Na primeira sesión plenaria de organización municipal, o goberno local alegou que non había incremento salarial dos seus membros, senón que a propia subida destes é un acumulado desde o ano 2019. Sorpréndelles logo que desde ese ano de 2019 non se subisen as taxas porque entenden, que o propio orzamento cubrían os custes salariais e agora, de súpeto, propoñen esta subida porque hai que subir o dos últimos catro anos que non se subiu ata de agora, por iso algo está a fallar. Unha de dúas, ou os cálculos feitos para o custo de persoal non eran os axeitados ou, sinxelamente, existe unha irresponsabilidade por parte da alcaldía por non ter subido durante eses catro anos e nos seus orzamentos respectivos o necesario para subilos.





CONCELLO DE
OLEIROS

¿Que aconteceu?; ¿Non se subiron por deixadez? Ou ¿Como non chegan agora os cartos teñen que subir esta porcentaxe froito de non facelo nestes últimos catro anos? Visto isto, o seu grupo o que entende é que o que procedería en todo caso, sería unha subida porcentual ó que afectaría unicamente a este derradeiro ano.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que o problema non é unha subida do 8,9% senón que o problema son os modos, os tempos, a que van adicarse eses cartos, o problema son os furados que se van pasar con estes cartos.

Nesta mesma sesión onde se vai dar conta as liñas fundamentais orzamentarias para o exercicio 2024, documento que se remite a Madrid e ese documento pon de manifesto moitas cousas interesantes e vainas contar ¿Para qué van ir eses cartos? Pois segundo o nomeado documento, no Capítulo VI de investimentos, pásase de ter un gasto previsto no 2023 de 7.300.000 millóns de euros ó 2024 a un gasto previsto de 14.162.000 €, sendo cando menos curiosa a nota que figura ó marxe “incremento derivado da construción do edificio multiusos de Bastiagueiro”, é dicir, o capricho do alcalde que anunciaba nas ceas frías ¿Non lles anunciou que lles ía custar un 8,9€ máis as taxas á veciñanza en impostos? Iso non o dixo ¿Verdade?.

¿Saben por qué hai que subir esa porcentaxe as taxas? Por mor do desgobierno deste concello, fixo que se presentara unha solicitude de subvención de 2.138.000 € para a execución da “senda de Lñás a Nós” e que foi desestimada por non acadar os umbrais mínimos de puntuación, porque tiña un cero puntos en calidade e aínda están agardando que alguén asuma a responsabilidade política por ese erro e aquí nada, sobra xente para colgarse as medallas e pasear a gayabera pero falla para asumir os erros cando acontecen.

Esta subida das ordenanzas ven motivada pola necesidade de cartos ben por erros de xestión ou por cumprimento dos caprichos do alcalde, en concreto, a construción do auditorio de Bastiagueiro vai custar no ano 2024 ós oleirenses máis de 7 millóns de euros, de acordo, e iso non se anunciou con anterioridade e o que teñen que coñecer os oleirenses, é a realidade do que hai, que se perderon tamén máis de 2 millóns de euros que se perderon por unha deficiente tramitación da subvención, que foron as da senda de Lñás e a do Mercado de Perillo, porque non se xustificou de maneira axeitada e falla algún político que asuma isto. Se eses 2,5 millóns se tiveran acadado se cadra non era necesario subir esas taxas, entón si que ven a conto aínda que lles doa.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que son moi conscientes do recuar da crise económica e social, como bos galegos, cunha inflación galopante nos produtos básicos e uns tipos de xuro absolutamente disparados, por iso achan que non é o intre oportuno para unha subida das taxas públicas dun 8,9% por moito que obedezan a causas obxectivas e xustificadas, por aí non poden tratar do mesmo xeito ó diferente, porque non ten a mesa incidencia na cidadanía unha taxa de expedición de documentos ou de dereitos de exama, nunha oposición, as taxas que regulan os cemiterios municipais ou o servizo de emerxencias que, por outra banda, as licenzas urbanísticas, a piscina nunha urbanización ou a licenza de autotaxis.





CONCELLO DE
OLEIROS

Votarán logo en contra ou absteranse atendendo a esta incidencia na cidadanía, dado que non existe progresividade nas taxas públicas, cren que as subidas non deberían ser as mesas en tódolos casos, algo como o que se fai co IVE, aínda que non teña moito que ver, dependendo a que produtos afecten.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, aclarando que a execución do edificio multiusos levarase a cabo porque existe consignación orzamentaria para pagalo, entre outras cousas, porque o goberno municipal de Oleiros é un gran xestor e existe un aforro, vía superávit, de máis de 12 millóns de euros que sufragarán esta obra e outros máis para o municipio.

As taxas hai que regularizalas porque o seu ingreso axuda ó financiamento e mantemento doutros servizos importantes como os servizos sociais, as axudas ás ANPAs ou ós comedores escolares, unha gran cantidade de servizos a prestar e que queren seguir facéndoos posibles.

E quere aproveitar para lembrar que no seu intre tiña o concello contratada a construción do auditorio e por mor da acción do responsable do PSOE de Oleiros, Luis Vázquez, tiveron que renunciar a súa execución e como indemnización houbo que pagarlle 100 millóns das antigas pesetas á empresa adxudicataria sen, evidentemente, facer absolutamente nada do auditorio.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños") e **oito (08) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo, en con seguinte:

"Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 7º nun 8,9 %; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 3º do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro do 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (2%), artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 (0,9%), artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para tu Enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca" (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

Tras esta modificación o texto do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, queda redactado do xeito seguinte:

"Artigo 7º: TARIFA





CONCELLO DE
OLEIROS

Epígrafe primeiro.- DERROGADO.

Epígrafe segundo:

- Informes emitidos pola Policía Local relativos a accidentes de tráfico: 137,74 €
- Outros informes emitidos pola Policía Local: 40,17 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil relativos a accidentes de tráfico: 98,72 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil diferentes aos relativos a accidentes de tráfico: 51,65 €

Epígrafe terceiro: DERROGADO.

Epígrafe cuarto: Documentos relativos aos Servizos de Urbanismo:

- 1.- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 47,89 €
- 2.- DERROGADO
- 3.- Informe urbanístico: 46,27 €

Epígrafe quinto: Procedementos de contratación e concesións demaniais:

- 1.- En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:
 - Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,59 €
 - De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 47,89 €
 - De 60.101,22 € en diante: 95,85 €
2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 9,62 €

Epígrafe sexto: Derrogado.

Epígrafe sétimo: Dereitos de exame.

- 1.- Subgrupos A1 e A2 e grupo B ou similares en contratos laborais: 23,98 €
- 2.- Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 19,17 €
- 3.- Demais postos: 14,37 €

Epígrafe oitavo: Fotocopias de expedientes completos ou de documentos illados que formen parte de aqueles, sempre que o número de fotocopias solicitadas exceda de 20 en tamaño DIN-A4 e de 6, en tamaño DIN-A3:

- Fotocopias en tamaño DIN-A4 e DIN-A3: 0'08 €/copias (todas as copias)

Epígrafe noveno: Reproduccións de planos en tamaño DIN-A1: 2,71 €/copias

Epígrafe decimo: DERROGADO

Epígrafe undécimo: Reposición de placa de vado: 11,43 €

Epígrafe duodécimo: Expedición de certificacións catastrais polo Punto de Información Catastral, relativas a fincas non pertencentes ao Concello de Oleiros:

- Certificación literal: 7,91 €
- Certificación descritiva e gráfica: 8,52 €

Epígrafe décimo terceiro: Compulsa de documentos a presentar a través do Portelo único da Xunta de Galicia.

- Por cada compulsa, a partir da terceira e ata a duodécima compulsa: 1,83 €/compulsa.
- Pola décimo terceira compulsa e seguintes: 0,60 €/compulsa."

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5





CONCELLO DE
OLEIROS

de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 5.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Mª José Varela**, explicando que os argumentos da modificación desta proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer, é a mesma que a do punto anterior, polo que se propón unha subida na taxa do 8,9%.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, dicindo o mesmo que no anterior asunto e parécelle un incremento desmesurado, tamén como remata de defender o alcalde en canto a que non pode subir dun xeito desorbitado, tal e como están a propoñer dado que pretenden asumir unha subida de catro anos en un só, o que lles parece unha barbaridade tendo en conta ademais que se tanto falan que de Oleiros conta con superávit, pois con máis motivo defender que non cabe esta subida tan importante e tendo en conta que esta ordenanza afecta a un sector como o do taxi.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, reclamando do alcalde que non utilice expresións atentatorias contra os membros da oposición, aínda que cre que estea a predicar no deserto.

A respecto da proposta de subida desta taxa por transmisións de licenzas de taxistas e demais, ven moi acaída unha resolución das que se van dar conta hoxe neste pleno e relacionadas con vehículos con quilometraxes e demais. Resulta que revisando os decretos emitidos desde os órganos de goberno, resulta que existe unha resolución na que se autoriza ó deprazamento do alcalde, Ángel García Seoane, ó Concello de Dumbria o 17 de setembro pasado para asistir a unha homenaxe ó ex alcalde dese municipio, José M. Pequeño, pasándolle a quilometraxe a este concello dun acto de homenaxe a un ex compañeiro da Deputación provincial, falando de taxis diralle que non ven a conto, pero discrepa porque ó final son gastos que repercuten no peto dos oleirenses e ademais cando o alcalde gaña preto de 90.000 €/ano, que cobra máis de 26.000 € da Deputación, en concepto de dietas e demais, pásalle este cargo para asistir a una comida co ex alcalde, este é o nivel e o espello diante do que se ten que poñer e que teñen que entender os oleirenses en canto a cal é o motivo polo que está aquí.

Insiste o alcalde, D. **Ángel García**, ó concelleiro do grupo “Socialista” que ten que se ceñir ó contido dos asuntos que se están a tratar e no que respecta o asunto a tratar, dicirlle que leva moitísimos anos de concelleiro e alcalde e en ningún destes anos creouse ningunha licenza máis de taxis das que había, debe ser o único caso do Estado, porque naquel intre as licenzas de taxis que se creaban eran negocio dos concelleiros porque llas daban a quen lles daba a gaña e él negouse a iso e no que atinxe ós actuais, cando os propietarios desas licenzas xubílanse ou





CONCELLO DE
OLEIROS

venden a súa praza teñen que pagar unha taxa, unha vez cada 15 ou 20 anos, e agora subéselles un pouco e tendo en conta qu ademais cando a vende existe un lucro persoal, polo que non ve tan grave esta subida.

Por outra banda, o que non se pode é mentir porque dicir que cobrou quilometraxe por ir a un homenaxe a unha excelente persoal, ex alcalde socialista ademais, dun pobo pequeno e que era o responsable de obras na Deputación provincial e que grazas a súa colaboración e xestión, vanse investir 1,8 millóns de euros para renovar Sta. Cristina e tamén se está a levar a cabo a ampliación da estrada que vai de Sta. Cruz a Montrove, fronte ó Pazo de Lóngora, outra actuación máis en Iñás, é dicir, unha cantidade importante de investimentos da institución provincial dun área na que insiste, era responsable esta persoa. Un alcalde moi querido no seu concello, que de 11 sacaba 9 concelleiros e concelleiras, e botarlle agora en cara os 40 € que custou a comida homenaxe porque, insiste, non cobrou un euro da quilometraxe, así que mire ben as cousas...

Neste intre se produce debate entre o alcalde e o concelleiro, D. **Jesús Fernández**, en canto a que se estaba este último a mentir ou non e dicindo éste último que existe unha resolución da alcaldía onde o dí...

Intervén, a efectos aclaratorios, a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, salientando que debe ser o concelleiro socialista que existe unha gran diferenza entre a autorización dun gasto e o seu pago e na vida se lle pagan ó alcalde gastos por quilometraxe.

Segue o alcalde coa súa intervención, D. **Ángel García**, salientando que tampouco na Deputación cobra por este concepto e é verdade que en horario de mañán desprázase á institución oficial, pero tamén son moitísimas as tardes que se despraza a reunións á Deputación co seu vehículo particular e na vida cobrou un euro por isto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 2, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 5º nun 8,9 %; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 3º do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro do 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (2%), artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 (0,9%), artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo





CONCELLO DE
OLEIROS

que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para tu Enerxía (+SE)”, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca” (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

Tras esta modificación o texto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou da actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe primeira: Concesión e expedición de licenzas

- Licenzas da Clase B: 177,39 €

Epígrafe segunda: Autorización para transmisión de licenzas

a) Transmisión “ínter vivos”:

- -De licenzas da Clase B: 887,00 €

b) Transmisión “mortis causa”:

- -A primeira transmisión da licenza en favor dos herdeiros forzosos: 88,71 €

Epígrafe terceira: Substitución de vehículos

- De licenzas Clase B: 17,74 €

Epígrafe cuarta: Revisión de vehículos

- Revisión anual ordinaria: 44,34 €
- Revisión anual extraordinaria: 44,34 €

Epígrafe quinta: Permiso para condución por asalariado e expedición de carné.

- Polo trámite e concesión do permiso: 13,31 €
- Pola expedición do carné a un condutor asalariado: 26,62 €.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Neste intre prodúcese discusión entre o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, e o alcalde, D. **Ángel García**, respecto da resolución na que se autorizaba o desprazamento e a asistencia do alcalde ó homenaxe do ex alcalde de Dumbría.

Punto 6.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaración responsables e comunicación previas

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón a subida xeral do 8,9% e ó dito con anterioridade ten que salientar que isto non trata de saquear á veciñanza de Oleiros senón que aqueles profesionais e persoas que requiren da administración cuestións





CONCELLO DE
OLEIROS

específicas e que redundan no seu propio beneficio e non se subiron as taxas durante este período dos últimos catro anos porque parece que xa se esqueceu, pero houbo unha pandemia e unha crise importante e foise aguantando ata que se puido, pero por responsabilidade da xestión dos recursos e de poder ofrecer uns servizos adecuados e necesarios para a veciñanza corresponde ó goberno fai preciso que se revisen algunhas taxas e impostos porque é necesario.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, manifestando que aínda que digan que non se trata de saquear á veciñanza o que é evidente é que se propón unha subida e calquera que veña a solicitar un certificado ou documento á administración ten que pagar unha taxa e o que non entende é que si durante estes catro anos poidéronse manter sen subida, tal e como remata de argumentar a voceira do goberno municipal, con máis motivo de que ó existir unha crise galopante, non entende que se propoña unha subida.

Contéstalle a a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, afirmando que o que non entendería é que apoiaran a subida cando o Partido Popular está a pedir a nivel nacional a baixada continuada de impostos e taxas, aínda que non sabe como logo pretenderán financiar os servizos, pero esa é outra cuestión. O que é evidente é que non lles estrana que voten en contra aínda que cre que a explicación foi clara, súbense as taxas por mor da subida salarial e en traballos que afecten tanto a persoal da administración coma de servizos municipais ou emerxencias.

Volve intervir o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, matizándolle á voceira do goberno municipal que na xustificación da subida só se tivo en conta a subida salarial e non os custes do servizo e non só os salarios.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que como concelleiro dun grupo da oposición ven exercer o labor de fiscalización da acción do goberno municipal e nin as ameazas, nin insultos ou perdas de papel do alcalde vánlle facer fraquear nese labor.

Como dixo a voceira do goberno municipal, non se trata de saquear ós oleirenses, pero o que é certo é que están propondo unha subida de taxas e volve a insisitr no expediente do que se trae a este pleno para dar conta das liñas fundamentais para o exercicio 2024 e si se leran ese documento ó mellor non aplaudían tanto como o están a facer agora e reconsiderarían a súa opinión ó respecto, porque nese documento prevese unha subida do 5,28 de IBI; un 5,38 de Actividades Económicas; o IVTM o que todos coñecemos como a rodaxe, vai subir un 7,57...

Neste intre o alcalde, D. Ángel García, requírelle ó concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. Fernández, que estaba a intervir, que se ciña á ordenanza en cuestión dado que foi él quen se negou a que se tratasen conxuntamente estes asuntos de proposta de modificación das mesmas.

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, argumentando que está a falar dun documento que entende que o goberno municipal non quera que o saiba a cidadanía, pero é que trata da subida de diferentes taxas e impostos, como o do ICIO cunha subida dun 9,14%, o que vai subir tamén o imposto sobre o incremento do valor de natureza rústica, un 8,56%; isto é o que rematan de mandar vostedes ó Estado e





CONCELLO DE
OLEIROS

a subida por tanto que se vai aplicar en diferentes cuestións e que van saír do peto dos oleirenses e se fan ese traballo o lugar onde expoñelo é aquí no pleno e tamén o lugar onde o goberno municipal ten que xustificalo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, consistentes en:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 8,9 %; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos custos de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 3º do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro do 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (2%), artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 (0,9%), artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa Enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca" (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, queda redactado do xeito seguinte:

"Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

1.- De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes:

- a) Demolición de construcións e movementos de terras: 87,29 €
- b) Parcelacións e segregacións; por cada unidade parcelada: 64,64 €
- c) Cimbra de árbores: 84,04 €
- d) Obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior a 30.000 €:
 - d.1. con orzamento de ex. material de ata 3005'06 €: 43,63 €
 - d.2.- con orzamento de ex. material comprendido entre 3005'07 e 6010'12 €: 87,29 €
 - d.3- con orzamento de ex. material comprendido entre 6010'13 e 12.020'24 €: 130,93 €
 - d.4.-con orzamento de ex. material comprendido entre 12.020'25 e 30.000 €: 218,22 €
- e) Obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores, ou en todo caso cando o seu orzamento de execución supere os 30.000 €:





CONCELLO DE
OLEIROS

- e.1.-por cada edificación unifamiliar:.....261,86 €
- e.2.-por cada edificación plurifamiliar:.....1'31 €/m², obxecto da taxa
- e.3.-por cada nave ou instalación industrial ou comercial ou outra edificación diferente ás contidas nos subapartados anteriores (e.1.e e.2.):.....0'65 €/m², obxecto da taxa

f) Declaración responsable para a ocupación de edificacións e instalacións, por cada vivenda ou local:

f.1.-de edificacións unifamiliares e plurifamiliares:

- f.1.1.-de superficie de ata 100 m²:104,75 €
- f.1.2.-de sup. comprendida entre 101 e 150 m²: 130,93 €
- f.1.3.-de sup. comprendida entre 151 e 250 m²:174,58 €
- f.1.4.-de superficie igual ou superior a 251 m²: ..261,86 €

f.2.- de naves e instalacións industriais e comerciais ou doutras edificacións ou instalacións diferentes ás contempladas no apartado anterior (f.1.):

- -f.2.1. Os 200 primeiros m²:.261,86 €
- Por cada m² adicional: 0'45 €/m²."

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma."

Punto 7.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da Taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, brevemente para salientar que para esta, ó igual que as outras, proponse unha subida dun 8,9%.

Intervén o concelleiro do grupo "Popular", D. **Jaime Núñez**, sinalando que ó igual que o que remata de explicar o concelleiro do grupo "Socialista", pretenden subir en torno a un 10% tódalas taxas e impostos que non subiron durante todos estes anos.

Intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, dicindo que esta proposta de modificación, ó igual que as outras, o estudio económico que debe vir acompañado para a proposta de modificación é moi feble, despachándose un incremento practicamente dun 9% en diferentes taxas en dous ou tres páxinas, non existe unha xustificación axeitada e se ós funcionarios responsables consideraron válido isto e lle deron para diante, baixo o seu punto de vista é unha irresponsabilidade porque a tramitación a modificación e subida de calquera ordenanza en concellos ordinarios levan aparellados uns informes moito máis detallados e a lei de facenda pública é a mesma para todos.

É certo que ó mellor resulta máis farragoso seguir os puntos un a un, pero é que así queda meridianamente claro tódalas subidas que se pretenden aplicar. En cambio, si se tratan conxuntamente de prisa e correndo, acádase a





pretensión do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” de diluir esta gran subida de taxas e impostos nos primeiros meses de mandato para que logo non teña impacto máis adiante cando toque outra vez eleccións, é dicir, unha cuestión de eminente oportunidade política.

Contesta a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que despois de escoitar a intervención do concelleiro do grupo “Socialista” e o alarmismo que pretende provocar, dicir con exemplos o que supoñen estas subidas. Por unha intervención dun socorrista ou membro do servizo de emerxencias por hora ou fracción, de 12,34 € pasa agora a 13,44 €; polo traballo dun auxiliar administrativo por hora ou fracción, de 15,10 € pasa a 16,44 €, é dicir, un atraco a man armada.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Vistos os artigos 20 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 4 da Lei 7/85, de 2 de abril e o informe do TAE Inspección Tributaria de data 13 de setembro do 2019, de procedencia de modificación da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos, propónse ao Concello - Pleno, adopción de acordo de modificación desta Ordenanza fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos, incrementándose as tarifas reguladas no Epígrafe primeiro do artigo 6º nun 8,9 %; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 3º do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro do 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (2%), artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 (0,9%), artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridad para tu Energía (+SE)”, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca” (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Para tal efecto, aplicárase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeiro. Persoal:

a).- Por c/.socorrista, por hora ou fracción	13,44 €
b).- Por c/.voluntario da AVPC, por hora ou fracción	3,48 €
c).- Por c/. axente de emerxencias, por hora ou fracción	18,24 €





d).- Por c/.coordinador de emerxencias e Protección Civil, por hora ou fracción	27,69 €
e).- Por c/. coordinador de servizos municipais, por hora ou fracción	34,03 €
f).- Por c/. administrativo, por hora ou fracción	25,90 €
g).- Por c/. auxiliar administrativo, por hora ou fracción	16,44 €
h).- Por c/. encargado de área de servizos municipais, por hora ou fracción	22,53 €
i).- Por c/. xefe de equipo ou encargado do retén, por hora ou fracción	18,16 €
j).- Por cada operario de servizos municipais, por hora ou fracción	16,37 €
k).- Por cada limpadora, por hora ou fracción	14,24 €
l).- Por cada aparelador municipal, por hora ou fracción	28,05 €

Epígrafe segundo. Vehículos:

a).- Por c/.vehículo lixeiro e análogos (VL), por hora ou fracción	4,50 €
b).- Por c/. vehículo lixeiro de intervención (VLI), por hora ou fracción	11,35 €
c).- Por cada embarcación de rescate e salvamento	9,59 €
d).- Por c/. bomba forestal pesada (BFP), por hora ou fracción	61,33 €
e).- Por c/. pala, retroescavadora ou tractor, por hora ou fracción	22,49 €
f).- Por cada camión, por hora ou fracción	25,56 €
g).- Por cada bomba urbana pesada, por hora ou fracción	61,33 €
h).- Por outros vehículos, por hora ou fracción	18,39 €

Epígrafe terceiro. Equipos:

a).- Xerador de espuma, por hora ou fracción	30,66 €
b).- Equipo de rescate en estrada, por hora ou fracción	61,33 €
c).- Equipo de rescate en altura, por hora ou fracción	35,78 €
d).- Equipo de rescate acuático, por hora ou fracción	30,66 €
f).- Grupo electrógeno, por hora ou fracción	30,66 €
g).- Bomba de achique, por hora ou fracción	30,66 €
h).- Motoserra, por hora ou fracción	20,44 €
i).- Detector de gases, por hora ou fracción	20,44 €
j).- Cámara térmica, por hora ou fracción	27,25 €
k).- Botella de aire comprimido respirable, por hora ou fracción	10,22 €

Epígrafe cuarto. Material consumible:

a).- Extintor	35,78 €/unidade
b).- Espumóxeno	11,24 €/litro
c).- Secante /absorbente	16,36 €/kilo
d).- Dispersante	9,20 €/litro

Epígrafe quinto: Kilometraxe. (contabilizarse ida e volta): 0,19 €/km.

Nota común ás epígrafes primeira, segunda e terceira:

O tempo investido na prestación do servizo computarase desde a saída ata o regreso ao parque.

A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás dos epígrafes da tarifa.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, estas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 8.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal





CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, dicindo que ó igual que as anteriores, propónse o mesmo incremento anual.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que pretenden dar a sensación de que é moi pouco a subida destas taxas e ante a imaxe que hai de Oleiros, de que é un concello rico pero a isto ten que dicir que a inmensa maioría, como é o seu caso, non teñen tantos cartos, polo que por pouco que suban en varios aspectos, non deixan de ser cartos que se lle sacan ós veciños e parece que ata é un pouco máis custoso morrer. Se hai tantos cartos e pretenden facer unha obra faraónica como a que teñen previsto executar, deixen de facela e destinen eses cartos ós veciños para que estean máis tranquilos.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que pois parece que en Oleiros é ata máis caro morrer e volvendo ó informe emitido e que teñen tanta intención de agochar, dél despréndese de que se veñen recadando uns 4 millóns de euros e agora con estas subidas de taciña a taciña, chegaranse ós 6 e pico millóns, é dicir, practicamente 3 millóns de euros, que é unha cantidade nada desprezable.

Para rematar, dicir que ten un enorme respecto por tódolos membros desta corporación, empezando polo alcalde e rematando polo concelleiro do BNG, así como tamén ós asistentes e o que agora se convirten en pitos, agarda que logo de catro anos eses pitos convírtanse no mesmo respecto que ten él con todos a pesares de ter opinións diferentes ou encontradas.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que parece que os concelleiros que interviron non se centraron moito no que realmente representa esta ordenanza, porque serve para o coidado e mantemento dos cemiterios municipais, non é unha taxa por morrer, esa é a razón e non hai outra e este mantemento custa cartos e hai que telos o máis dignos posible.

E en canto ó alegado de agochar informes, non sabe a que ven isto porque como poden ver esta sesións está radiándose e pode ter calquera acceso á mesma, incluso para escoitar as algaradas que pretenden montar algúns.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa de cemiterio municipal, consistente en :

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 8,9 %; como consecuencia do incremento





experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 3º do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro do 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (2%), artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 (0,9%), artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para tu Energía (+SE)”, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca” (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

1.-A base impositiva determinarase atendendo á diferente natureza dos servizos, de acordo coa cantidade sinalada nas tarifas desta ordenanza respecto dos conceptos que a continuación se detallan:

1.1. A utilización de todas as clases de sepulturas existentes no dito cemiterio, para a inhumación e exhumación.

1.2. DERROGADO

1.3. DERROGADO

1.4. Licenzas para a instalación e a reparación nas distintas sepulturas.

1.5. Conservación das sepulturas existentes no devandito cemiterio.

2.-TARIFA XERAL - O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente, non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nestes (polo tempo en que preste servizo o dito cemiterio) sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos fixados e cumpran coas normas que para o dito efecto se establezan.

2.1. DERROGADO

2.2. Cambios de titularidade, cando proceda.

Dun nicho, por herdanza, pagará o 10 % do prezo establecido como valor destes.

Os cambios de titularidade nas distintas sepulturas, pagarán pola inscrición ou inscricións polos diferentes cambios de titularidade, un 10% do valor dos nichos no ano da transmisión, establecidos cada ano polo concello

2.3. Por cada permiso de apertura de nichos para inhumación e exhumación: 49,44 €

2.4. DERROGADO

2.5. DERROGADO

2.6. Licenzas para instalacións ou reparacións:

a) Instalacións:

Por cada permiso para colocar lápidas ou outras instalacións fixas en nichos: 27,45 €

b) Reparacións:

Por cada licenza de nicho: 15,39 €

2.7. Conservación:

Co fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación dos espazos destinados a enterramentos, esixíranse os seguintes dereitos ao ano:

Por vixilancia de nichos: 16,15 €

3.-Cando as sepulturas de calquera clase e en xeral todo os lugares destinados a enterramentos fosen desatendidos polos seus respectivos familiares, titulares ou parentes, dando lugar a que aparezan en estado de





CONCELLO DE OLEIROS

ruína ou abandono co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso e á retirada de cantos atributos ou obxectos se encontren deteriorados ou abandonados, e no segundo, sen que en ningún caso poida esixirse ningunha indemnización.

4.-Poderá, ademais, declarar a caducidade e reverter ao Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Polo estado ruinoso da construción: A declaración de tal estado e a caducidade requirirá un expediente administrativo a iniciativa da Alcaldía.

b) Polo abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de 5 anos desde a última inhumación verificada nesta, sen que o titular, familiares ou parentes aboarán os dereitos correspondentes a esta epígrafe.

5.-O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior conterá a citación do titular o cal teña domicilio coñecido, ou de non selo, a súa publicidade mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no correspondente ao último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos percibidos ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento de devandito compromiso efectuarase, declararase a caducidade pola Comisión de Goberno.

6.-Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer desta, unha vez que trasladase os restos existentes nela á correspondente oseira.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 9.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación, se procede da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servicios urbanísticos

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que nesta ordenanza propóñense dúas porcentaxes de subida, no que respecta ós epígrafes do a) ó h) proponse unha subida do 8,9%, dado que como as anteriores non se revisaron desde setembro de 2019; sen embargo, nas tarifas i), j) e k) proponse un 6% de incremento, dado que a última revisión data de setembro do 2021, polo que serían de aplicación as leis de orzamentos do Estado do ano 2022 do 3,5% e para o ano 2023 do 2,5%.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que están a xustificar a subida das taxas nun 8,9% debido ó incremento dos salarios desde 2019, incluído tamén o salario do alcalde, log xa postos a facer revisións poderían tamén facelo coa compensación que lle asignan a cada membro da oposición por asistencia, pero se non soben as taxas están dispostos a asumir que non se lle suba esa compensación.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que concorda co dito antes polo alcalde de que grazas á emisora municipal a veciñanza pode escoitar o que acontece aquí nestes plenos e tamén darse conta das liñas fundamentais que se farán de cara a financiar o orzamento para o ano 2024 e as subidas que veñen a este pleno para a súa aprobación e que ata de agora estaban agochadas e imaxina que en ningunha das ceas frías que celebrou antes das eleccións anunciou estas subidas, por iso é bo que a cidadanía saiba destas





CONCELLO DE
OLEIROS

subidas que hoxe vanse aprobar aquí a proposta do goberno municipal, así que gracias pola iniciativa de Radio Oleiros e tamén pola equiparación do son de tódolos microfónos, a pesares de que a él dinlle que so diferente.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 25 de setembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo Interventor Accidental, en relación á proposta de modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 27, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 27 reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, incrementándose:

-As tarifas reguladas nos Epígrafes A), B), C), D), E), F), G) e H) do artigo 6º artigo 7º nun 8,9%; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 3º do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro do 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (2%), artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 (0,9%), artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para tu Enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca" (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

-As tarifas reguladas nos Epígrafes I), J) e K) do artigo 6º nun 6 %; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecidos polo artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para tu Enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca" (3,5%) e artigo 19 da Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (2,5%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, queda redactado do xeito seguinte:

"Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos determinaranse mediante a aplicación das seguintes tarifas:

Epígrafe A) Tramitación de autorizacións de usos: 49,92 €

Epígrafe B) Tramitación de licencias de reserva de espazo e placa de vao: 61,75 €

Epígrafe C) Tramitación de licenzas de apertura de piscinas de uso colectivo: 44,66 €

Epígrafe D) Tramitación de autorizacións autonómicas, previas á licenza urbanística: 126,11 €





CONCELLO DE
OLEIROS

Epígrafe E) Tramitación de licenzas de instalación de tanques de G.L.P.:

- De 2.400 litros: 60,42 €

- Correspondentes a colectividade: 190,49 €

Epígrafe F) Tramitación de licenzas de apertura de garaxes correspondentes a edificios plurifamiliares: 190,49 €

Epígrafe G) Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por división de fincas con base a escrituras de antigüidade superior a 10 anos: 35,47 €

Epígrafe H): Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por construcións e comprobación da antigüidade segundo as fotografías aéreas obrantes en poder desta Administración: 17,08 €.

Epígrafe I).- Pola tramitación de instrumentos de planeamento (plan parcial, plan especial, estudio de detalle, etc.) a iniciativa particular:

I.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,5550 €/m2.

I.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0912 €/m2.

I.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,4376 €/m2.

Epígrafe J).- Pola tramitación de instrumentos de xestión urbanística (normalización de fincas, proxectos de reparcelación, sistema de compensación, proxectos de ocupación directa, proxectos de expropiación, etc.), a iniciativa particular:

J.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,6423 €/m2.

J.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,1055 €/m2.

J.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,5064 €/m2.

Epígrafe K).- Pola tramitación de instrumentos de execución urbanística (proxectos de urbanización, proxectos de obra ordinaria de urbanización, etc.) a iniciativa particular:

K.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,4692 €/m2.

K.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0770 €/m2.

K.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,3698 €/m2.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo R.D. Lex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezaráse aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 10.- Dar conta da formación do grupos político municipal “Mixto”-BNG, do seu voceiro, así como da autorización do membro electo de comunicación de documentación municipal a través de correo electrónico

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do escrito presentado polo concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a efectos de constituírse en grupo político municipal (R.E. 2023014542, de 1 de agosto de 2023), así como a autorización do nomeado concelleiro de recepción das comunicacións municipais a través das contas de correo electrónico sinaladas en dito escrito.





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 11.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023004424, mediante o que se realiza delegación específica en materia de cultura, ensino, xuventude e normalización lingüística a prol do concelleiro D. Ramón Maceira Giadanes

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía nº 2023004424, de 4 de setembro, mediante o cal se realiza delegación específica en materia de cultura, ensino, xuventude e normalización lingüística a prol do concello de “Alternativa dos Veciños”, D. Ramón Maceira Giadanes.

Punto 12.- Dar conta do informe do Plan anual de control financeiro 2023 relativo á actividade do exercicio 2022

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Plan Anual de Auditoría sobre o exercicio 2022 do Concello de Oleiros, en base ó informe emitido polo interventor municipal, de data, 18 de setembro de 2023.

Punto 13.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023004562, polo que se aproban as liñas fundamentais do orzamento do Concello de Oleiros de 2024

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da aprobación das liñas fundamentais a aplicar na elaboración do documento orzamentario do Concello de Oleiros para o exercicio 2024.

Punto 14.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023003790 ata o nº 2023004565 (ambos incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023003790 ata o nº 2023004565 (ámbolos dous incluídos).

Punto 15.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Afirma o alcalde, D. **Ángel García**, que hai unha moción presentada polo grupo municipal “Popular”, dándolle a palabra ó representante do nomeado grupo.

15.1.- Moción do grupo municipal “Popular” contra a tramitación dunha Lei de Amnistía

Da orde do alcalde, intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando que debido á transcendencia que este asunto ten para o futuro do país, solicita dos e das concelleiras que voten en conciencia e liberdade de voto e de seguido procede a dar lectura á moción presentada:

“O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional guiando a nosa transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión sufrida por unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño cara á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978, debateuse a cuestión da amnistía xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais poideran ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, polo contrario,





CONCELLO DE
OLEIROS

aprobouse o art. 62 que prohíbe indultos xerais. É dicir, o perdón –que sí existe no noso ordenamento e que está regulador na Lei do indulto-, debe ser sempre individualizado e nuncia con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía ademais atenta contra algún dos principios básicos do Estado de Dereito, com son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador, nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e incluso evitar que sexan xulgados como alquera outra cidadán. Todo elo ademais, mentres que tanto o Tribunal de xustiza da UE coma o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen penden resolucións referidas á cuestión, sobre a que se plantexa a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 prodúxose un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do art. 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou ós seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ó estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, ós encausados polo referéndum ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se plantexa esta cuestión, xa no 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario a súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez coma ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurísicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez nun intento desesperado por conservar a presidencia do goberno, abriuse a que se poida tramitar unha proposición de lei. Ademais de suponer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis da legalidade do Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exclupar centeaes de delitos senón deslexitimizar ó Estado de Dereito e blanquedar e considerar a lexitimidade da sedición que se levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falla de rexeitamento explícito e contundente por parte do goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Esta cuestión afecta directamente a Oleiros, pois os cidadáns de Oleiros non poden ter menos dereitos que os de Castelldefels ou calquera outra municipio de Cataluña. Atopámonos ante un novo desafío histórico no que unha minoría populista e radical pretende impoñer a ruptura da igualdade entre os españois.

Por todo elo, o grupo “Popular” no Concello de Oleiros presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

- 1.- Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeral para calquera tipo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
- 2.- Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución e compromete a tódolos poderes para o seu cumprimento.
- 3.- Animar ós dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eivten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.
- 4.- Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital; á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social; ó Ministerio de Política Territorial e ós voceiros parlamentarios no Congreso e no Senado, así como á Xunta de Goberno da FEMP.”

Votación da urxencia





CONCELLO DE
OLEIROS

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular e dous (02) do grupo municipal “Socialista”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) voitos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* o tratamento da moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

15.2.- Moción do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ás eivas do servizo de transporte metropolitano de autobús

Expón a moción o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dando lectura á moción que se transcribe no acordo acadado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que a Xunta de Galicia a través do portelo bus.gal e a través da aplicación do transporte público de Galicia, ofrece os horarios de máis de tres mil cincocentas liñas, ademais está a desenvolver para facilitar os horarios a tempo real ó seu paso por cada parada. Esta aplicación que pon a disposición a empresa prestataria do servizo en tempo real, como xa dixo, ofrece os horarios e foi empregada durante o pasado mes de agosto por case que 5.000 usuarios, en 18.630 sesións, trátase dunha aplicación eficaz e funcional ó servizo dos usuarios e que ofrece toda a información.

No contrato contíñase a modificación das liñas de autobuses para que fosen accesibles, das que xa faláron neste mesmo pleno, para iso a Xunta de Galicia ven realizando un seguimento estreito e diario coa fin de garantir a prestación duns servizos que den resposta ás necesidades de mobilidade dos usuarios, emprazou ás concesionarias de transportes de viaxeiros a reforzar a súa planificación habilitando reforzos necesarios, tanto en número coma en capacidade, tratando de atender deste xeito a crecente demanda, sobre todo nalgúns servizos puntuais, a Xunta de Galicia seguirá vixiante e atenta a calquera problema que poida xurdir co obxectivo de dar unha áxil resposta e un servizo eficiente, incluso establecer acordos ou servizos puntuais en cooperación cos concellos como se viu facendo na tempada de verán coas liñas de autobuses nocturnos e demais.

De tódolos xeitos, estarán sempre abertos para cubrir necesidades e sería interesante facer unha solicitude concreta de servizos por parte municipal despois de realizar un estudo de necesidades e non a través dunha moción de carácter xenérico.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que é interesante ver como se fai utilización doutros concellos para facer críticas como ten costume o alcalde neste pleno municipal, o concelleiro do BNG trae o exemplo de boas prácticas dun concello limítrofe e que se podería copiar coa fin de mellorar o servizo de transporte público no concello.

Dito isto, entende que é obvio que procede darlle unha volta ó servizo de transporte metropolitano, está desfasado, por unha cuestión de emerxencia climática e por responsabilidade coas xeracións actuais e futuras, cómpre mellorar o transporte público e poñer en marcha novas medidas, todo o que sexa sentarse coas administracións, se levar burros ou algaradas similares, senón colaborando dun xeito leal, será para todos os veciños da comarca e nese punto sempre atoparanos aí.

Resulta tamén curioso que esta moción do BNG poña únicamente a pelota no tellado da Xunta de Galicia e non se pide nada ó concello, unha política á que os ten habituado o alcalde cando xurde un problema, pódese falar das responsabilidades que deben asumir outros pero tamén das propias e por eso o seu grupo ó que lle parece ben a moción proponen engadir o punto seguinte en canto a que non sexa unha petición única para a Xunta de Galicia, porque hai recursos e hai que saber gastalos para o servizo dos oleirenses e por iso proponen:

- Que o concello procure manter as liñas de buses que puxo para as festas durante todo o ano en horario diurno e que se realice un estudio das necesidades da veciñanza para se desprazas no municipio e poder acudir ós servizos públicos ou ás zonas comerciais.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que desde logo que eles tamén entenden que esa liña de autobuses habilitada para as festas debería ter continuidade durante o ano, sobre todo para que a mocidade poidese desprazarse ás zonas de lecer, aínda que considera que tamén é unha competencia da Xunta de Galicia pero tamén están de acordo en que desde o concello se faga esa solicitude á institución autonómica.

Intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, matizando que se está ante unha competencia da Xunta de Galicia e foron moitas as xestións realizadas polo goberno municipal por exemplo para a implementación do bus bufo e non se autorizou.

Remata a quenda e intervencións o alcalde, D. **Ángel García**, reafirmando do dito pola voceira do goberno municipal, en canto a que o concello por ter menos de 50.000 habitantes, non ten competencias en materia de transporte e polo tanto é a Xunta de Galicia quen ten que facerse cargo nesta materia, o concello non vai gastar recursos propios en custións de titularidade autonómica.

Respecto ós burros que levaron a Monelos, gracias a isto mellorouse o transporte na concello, hai autobuses a Mera cada media hora, os de Dorneda gañaron en frecuencias.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal





CONCELLO DE
OLEIROS

“Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *aprobar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG que se transcribe:

“Exposición de motivos:

O servizo de autobús metropolitano está sendo obxecto de críticas reiteradas e que abranguen varias liñas. Existe unha opinión xeneralizada na comarca e, nomeadamente no concello de Oleiros, dun caos no servizo metropolitano de transportes.

Esta situación non é nova. Parece que dende o período de pandemia, ou ben as empresas deixaron de cumprir coas obrigas contractuais ou ben, a Xunta non está facendo o labor de inspección do cumprimento dos contratos, ou ben a planificación que deu lugar ó novo mapa de liñas ficou obsoleto ao pouco tempo.

A día de hoxe, segue sen contarse cunha aplicación para os telemóbeis que permita saber canto vai tardar o bus, en que parada me interesa coller o seguinte bus, ou que liñas pasan polo itinerario que quero apañar. Este tipo de aplicacións hai tempo que están dispoñibles na localidade veciña da Coruña, nos seus buses urbanos. É inexplicable que non contemos cunha aplicación deste tipo para o bus metropolitano.

Sexa como for, en varias localidades da nosa comarca estanse a producir inexplicables atrasos que afectan tanto a nosa comunidade universitaria, como ás persoas que acoden cada día ás súas citas médicas, como na chegada ós seus postos de traballo da nosa clase obreira.

Por este motivo o BNG propón deste pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Demandar da Xunta de Galicia que remata co caos reinante no servizo de autobús metropolitano, obrigando ás concesionarias ó cumprimento dos contratos.
- 2.- Que se proceda á creación de novas liñas e frecuencias que se acomoden á situación que na actualidade carecen de cobertura e, en todo caso, nas horas punta a empresa debe refrozar o o servizo cun segundo vehículo (ou máis se for preciso, atendendo á demanda real); é inaceptable que a xente teña que ir de pé en transporte que fai traxectos interurbanos.
- 3.- Que se demande das compañías do bus a creación e posta a disposición dunha aplicación para telemóbeis de uso dos buses ao estidlo da que exista xa na Coruña.
- 4.- Que se obrige ás empresas concesionarias a poñer en aberto os datos de xeolocalización para que entidades públicas e ou privadas poidan desenvolver novas aplicacións con utilidades novas.
- 5.- Que a totalidade dos buses que dan servizos ás nosas liñas sexan accesíbeis e seguros.”

15.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” para mellorar a convivencia entre os pobos de España

Da orde do alcalde, intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que foi unha mágoa que non a deixara falar con anterioridade con motivo da exposición da moción presentada polo grupo “Popular” porque podería terse chegado a un acordo de Estado, que tanta falla fai.





CONCELLO DE
OLEIROS

O seu grupo estaba disposto a facer un debate construtivo para chegar a un acordo, negociando a aprobación duns puntos, tal e como solicitou o Partido Popular na súa moción. Está claro que na exposición de motivos están moi alonxados pero, ó mellor, na parte propositiva non o están tanto. Como non xa non é posible pasa a exponer a moción que presenta o seu grupo:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española no seu preámbulo recolle que o pobo español manifesta, entre outras, a súa vontade de: "Garantir a convivencia democrática dentro da Constitución e das leis conforme a unha orde económico e social xusto. Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular. Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións.”

A convivencia é un valor supremo do noso ordenamento constitucional que debe inspirar a acción de tódalas formacións políticas, en particular de aquelas que se din de Estado.

Lamentablemente, fai moito tempo que a dereita extrema e a extrema dereita ou sexa a suma do Partido Popular e Vox manteñen condutas que non van precisamente en pro da convivencia entre os españois.

Estes partidos políticos apoiados pola dereita mediática están utilizando o conflito territorial, especialmente o de Cataluña, como arma política para intentar obter mellores resultados en outros lugares de España e deslexitimar a un posible Goberno progresista.

Non deixamos de escoitar que Pedro Sánchez vai romper España para conseguir seguir no Goberno pero os feitos están ahí, a realidade é teimuda, e precisamente foi cun Goberno do PP, co Sr. M. Rajoy, con dous referendos ilegais e unha declaración unilateral de independencia cando España poido romper.

A moción de censura do 1 de xuño do 2018, levou a Pedro Sánchez a Presidencia do Goberno e provocou a saída da Moncloa dun Partido Popular condeado por corrupción así como o fin das súas políticas de recortes e precariedade que tanto dano inflixiron a cidadanía española.

Ademais o novo goberno socialista iniciou unha senda de diálogo en relación con Cataluña que continuou tralas eleccións xerais do 2019 co goberno de coalición progresista.

Unha senda de diálogo, que supuxo decisións difíciles, como os indultos parciais concedidos aos líderes independentistas condeados polo acontecido o 1 de outubro e a declaración unilateral de independencia, pero que ten dado froitos evidentes.

Ata o punto de que a situación de Cataluña e de España é moito mellor hoxe que no 2017.

Hoxe é moito mellor a convivencia entre os cataláns e a destes co conxunto de España, e ademais hoxe é moito menor a mobilización do independentismo (a última Diada xuntou a 115.000 persoas, lonxe das cifras da anterior década) e ademais hoxe se cumpre ca Constitución en toda España (salvo na sede de Génova do PP onde levan cinco anos bloqueando a renovación do CGPJ).

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista do Concello de Oleiros presenta a seguinte proposta de acordo:





CONCELLO DE
OLEIROS

MOCIÓN

Ínstase ao novo Goberno de España a continuar facendo do diálogo, dentro do marco constitucional, a ferramenta para mellorar a convivencia entre os cataláns e destes co resto de España.”

Unha vez remata a lectura da moción presentada intervén o alcalde, D. **Ángel García**, para matizar que todo o mundo sabe que él non é do PSOE, nin o vai ser, pero tamén sábese que é ‘sanchista’ e cre que sobra que este concello dígalle o que ten que facer, porque faino moi ben. Dito isto, procede votar logo a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) voitos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* o tratamento da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

15.4.- Moción do grupo municipal “Socialista” relativa ó aforro que pode acadar o concello se o alcalde de Oleiros cobra como Deputado provincial

Expón a moción presentada o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de xulo o Sr. García a través dunha rede social repetiu o mesmo que leva dicindo ao longo destes meses en distintos medios de comunicación:

“É falso o que se dicía sobre o alcalde de Oleiros nun medio de comunicación esta fin de semana. Eu non vou cobrar o salario ao que tería dereito como deputado provincial, de 69.441 euros. Eu vou cobrar o salario que teño do Concello de Oleiros como alcalde, de 62.000 euros, porque ese é o meu traballo. Por certo, os mesmos cartos que estaba cobrando antes das eleccións.

Polo tanto, deixar aclarado isto. Renuncio a cobrar 69.464 euros e cobrarei 62.000 euros”

Todos son maiores e sábese que non hai peor mentira que unha verdade a medias, xa que o Sr. García no caso de cobrar os 69.441 euros aos que tería dereito como deputado provincial deixaría de percibir dietas por asistencia a Plenos, Comisións ou Xunta de Portavoces da institución provincial. Cobraría pois eses cartos da Deputación e non podería cobrar salario do Concello de Oleiros.

Dende o Grupo Municipal socialista solicitamos oficialmente, e de xeito fundamentado en dereito, acceso a relación detallada de tódalas percepcións e importes recibidos polo deputado Sr. García no exercicio do seu cargo de deputado provincial durante o ano 2022, especificamente as relacionadas con:

Asistencias por Sesións plenarias, Sesións da Xunta de Goberno, Reunións das Comisións informativas,...





CONCELLO DE
OLEIROS

Gastos de locomoción desde a localidade de residencia e datas que foron xustificadas.

Compensación económica, se as houber, as asistencias a sesións formalmente convocadas da Xunta de Portavoces, da mesa de contratación e das comisión de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación, ou indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizo encomendadas.

En contestación a nosa solicitude dende o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña, informánnos das seguintes percepcións e importes aboados ao deputado Don Ángel García Seoane durante o exercicio 2022:

ASISTENCIAS	CONTIAS PERCIBIDAS EUROS
Plenos	8.274,00.-
Comisións	17.390,00.-
Xunta de Voceiros	513,96.-

Así mesmo informánnos de que Don Ángel García Seoane non recibiu cantidade algunha en concepto de gastos de locomoción e que non consta aboada ningunha outra cantidade por ningún outro concepto ao interesado no exercicio 2022.

É dicir, que o salario do Sr. García con cargo aos oleirenses de 62.000 euros viuse aumentado no ano 2022 polos de 26.177,96 euros en dietas da Deputación, o que supón que no ano 2022 cobrou cerca de 89.000 euros. Isto fai que cos datos na man sexa o alcalde que máis cobra da comarca, da provincia e probablemente de Galicia e un dos políticos locais do estado que máis cobra.

Cas subas deste mandato o salario do Sr. García vai rondar ou superar os 90.000 euros para este 2023, máis o grave non é iso, o grave é que intente enganar aos veciños e veciñas de Oleiros que teñen que traballar arreo e que escoitar ao seu alcalde falar de que se sacrifica e “renuncia” ao soldo da Diputación, perdendo uns miles de euros cando en realidade cobra bastante máis, máis de 20.000 euros con esta operación.

De novo estamos ante excusas e medias verdades como cando dí que non se aumentou o soldo dende o 2019 cando as matemáticas din outra cousa, ou dicir que “Los sueldos los fue subiendo el Estado, no yo” cando non hai ningunha norma que obrigue as corporacións locais a subir salarios dos membros do goberno municipal o mesmo que aos funcionarios.

Durante o período 2023-2027 o Sr. García vai recibir cando menos arredor de 250.000 euros que van saír do peto dos oleirenses, cando este gasto podería estar evitado se cobrase da Deputación, aliviando así a economía dos nosos petos e do noso concello.

Eses 250.000 euros que podemos aforrarnos os oleirenses se o Sr. García deixa de facer demagogia co tema dos cartos poderían empregarse por exemplo:

- Para facilitar o acceso a vivenda de moitos mozos e mozas.
- Mellorando a rede eléctrica, o alumeado ou as aceiras.
- Poñendo baños públicos polo concello adiante, que é o gran descoñecido.
- Adicalos a política social da xente desfavorecidos,





CONCELLO DE
OLEIROS

Ou para conxelar taxas aos veciños e veciñas en vez de subilas un 8,9%.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros apoia que o Sr. García cobre como deputado provincial para aforrar aos cidadáns oleirenses máis de 250.000 euros.
- 2.- En vez de subir as taxas aos veciños por expedir documentos, aos taxis, por licencias urbanísticas, de servizos de extinción de incendios ou de cemiterios un 8,9 % como propón o Sr. García, adicar eses cartos que aforraríamos a conxelar ditas taxas, nun momento de crise económica moi duro para moitas familias do noso concello.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) voitos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* o tratamento da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

15.5.- Moción do grupo municipal “Socialista” relativa á explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos

Da orde do alcalde, intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que van poñer enriba da mesa un tema que para as mulleres e ós homes con sentidiño común é moi importante:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de setembro conmemórase o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos.

A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos e ten diferentes rostros: a explotación sexual, a explotación laboral, os traballos forzados ou o tráfico de órganos.

Todas estas presentacións, estendidas por todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e da desigualdade. E as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata de todo mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Por iso prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, a violencia contra as mulleres.

España é o Estado de Europa con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo. Se estima que un 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais. E ademais España é tamén un dos principais destinos do tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

A prostitución non é un traballo nin unha actividade como algúns pretenden. O “traballo sexual” non existe, e a libre elección da prostitución é un mito. As mulleres prostituídas sempre son as mais pobres e vulnerables do mundo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Cando falan dos dereitos das mulleres prostituídas, en realidade estan a falar dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteiros.

Nun estudo realizado polo Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas en todo o mundo, das cales o 90% depende dun proxeneta e o 75% teñen entre 13 e 25 anos. O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice a este colectivo e no que se avoga por penalizar e sancionar a explotación e aos clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres e nenas, alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata.

O obxectivo é atopar unha solución europea a un problema que ata o de agora foi ignorado. Mentres estea socialmente aceptado que as mulleres estean en venda, non poderemos lograr unha verdadeira igualdade de xénero.

No Concello de Oleiros temos que asumir que debemos traballar, no noso ámbito competencial, para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual. E recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que estan a traballar e axudar ás vítimas

Por todo o exposto o Grupo Municipal Socialista do Concello de Oleiros presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

- 1.- O concello de Oleiros adherirase á rede de cidades/pobos libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.
- 2.- Elaboraranse ordenanzas municipais, que prohíban a publicidade que promova, ou fomenta o consumo de prostitución e revisaranse as licencias administrativas coa fin de evitar espazos onde se promova a explotación sexual.
- 3.- Estreitarase a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas e se diseña no noso concello unha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas de trata e explotación sexual.
- 4.- Contribuirase a xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución mediante campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.
- 5.- De maneira inmediata facilitaranse mecanismos de participación para que os veciños e veciñas de Oleiros poidan denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución."

Intervén a voceira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que loitar contra esta lacra require varios aspectos multidimensionais, ademais da colaboración e das institucións e da cidadanía en xeral. Os gobernos teñen unha función esencial nesta loita, a Xunta de Galicia ten demostrado ó longo de todos estes anos un claro





CONCELLO DE
OLEIROS

compromiso en contra de tódalas expresións que adopta a violencia contra as mulleres e este compromiso materializouse en varias medidas.

A lei galega 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral contra a violencia de xénero, recoñece desde o ano 2016 a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, como una forma de violencia de xénero. Desde comenzó do ano 2023 tamén se recoñece como forma de violencia de xénero a explotación sexual, este recoñecemento implica que as vítimas de explotación sexual teñen acceso a tódolos recursos previstos da lei galega para as vítimas de violencia de xénero. Galicia elaborou un protocolo de actuación institucional sobre adaptación de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual en colaboración coa fiscalía superior e tamén aprobouse un plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual no período 2022-2024.

A posta en marcha do primeiro plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual é un documento estratéxico elaborado coa participación das doce entidades que conforman a rede galega contra a trata e que sitúa a Galicia como referente no fortalecemento de recursos para as vítimas. Con isto, Galicia conta co primeiro instrumento nesta materia con dotación orzamentaria, o plan inclúe medidas de prevención e sensibilización dirixidas ás administracións locais, tamén inclúe o seu seguimento e unha avaliación e neste intre estase a elaborar un informe coa fin de avaliar o seu primeiro ano de vixencia, polo tanto en Galicia a día de hoxe unha ferramenta que vai permitir artellar políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata para contribuír así a súa erradicación, mentres que a día de noxe a normativa estatal non contempla á explotación sexual como violencia de xénero, por iso é imprescindible a creación dun marco normativo estatal que permita previr e loitar contra esta forma de violencia.

O voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, só amosa a súa conformidade total coa moción presentada e para iso traballan cada día.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o seu grupo de “Alternativa dos Veciños” está de acordo coa exposición pero non coas propostas porque nese ámbito xa van por diante porque levan anos loitando contra as casas de citas é máis, Oleiros debe ser o único concello de España que non ten unha soa casa de citas porque no seu intre pecháronas todas e chagaron incluso a tirar tres edificios, un en Bastiagueiro, outro na N-VI e o outro en Sta. Cristina, poderán existir pisos clandestinos ou algo parecido pero non existen as casa de citas en Oleiros.

Insiste en que están de acordo coa exposición, como non podería ser doutro xeito coa situación que están a vivir cantidade de mulleres, nenos e nenas, pero non coas propostas que se engaden no texto da moción.

Remata, como proponente da moción a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, lamentando moito a actitude que remata de poñer enriba da mesa o alcalde, non dubidan para nada na acción tanto da Xunta de Galicia coma do Estado, pero como a prostitución e a trata sigue viva terán que seguir traballando para poñer máis medidas que impidan esta situación e sinala que isto que o alcalde dí que xa está feito en Oleiros non é máis que a adaptación do que se está a plantexar no Parlamento Europeo ante este problema ó noso concello.





O concello poderá estar moi adiantado neste ámbito pero é que despois de escoitar ó alcalde parece que non se enteraron moi ben do que se propón, porque preténdese sancionar ó consumidor que é o cambio fundamental contido nesta proposta e isto en Oleiros non se realiza.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **tres (03) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG); **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálase que tendo en conta o Regulamento Orgánico Municipal (ROM) os rogos e preguntas a formular débense presentar cun mínimo de quince (15) horas de antelación á celebración da sesión plenaria ordinaria, tal e como fixo o BNG para esta sesión.

*** rogos e preguntas**

15.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre proposta de nomeamento de praza ou rúa a Pepe Domingo Castaño

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Ante o recente finamento do mítico presentador de radio e televisión, Pepe Domingo Castaño, e dada a súa estreita vinculación con Oleiros, dado que veraneou en Mera durante moitos anos, *rogo* que se considere o nomeamento dunha praza ou rúa en Mera nas novas urbanizacións previstas nesa localidade.”

15.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre remate das obras de urbanización da Rúa Salvador de Madariaga

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Dalles ledicia que por fin se empezase coa urbanización do remata da Rúa Salvador de Madariaga pero preocúpalles a lentitude das obras dado que se iniciaron no mes de maio e xa van catro meses, cando está a falar dun tramo duns 200 metros, e preocúpalles tamén a importante redución de prazas de aparcadoiro e que aínda non se procedera á retirada dos postes do medio da calzada, de feito, existe un poste diante dun portal que impide a entrada de vehículos nesa vivenda...”

Coméntalle o alcalde, D. **Ángel García**, que como saben é FENOSA a responsable da retirada deses postes de luz, solicitárono antes do inicio das obras e seguen a facelo e está parada a obra, ó igual que a de Lóngora, porque os postes seguen alí e a empresa concesionaria da obra non pode seguir coas mesmas.

O concelleiro do grupo “Popular” propoñente do rogo, D. **Jorge Platas**, solicítalle ó alcalde unha mellor planificación das obras para que non acontezan situacións deste tipo, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que as obras planifícanse axeitadamente pero é FENOSA quen debe proceder á retirada deses postes e ó igual que noutros lugares do concello, faino cando lle peta.

15.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre a loita contra os plumachos existentes ó longo do termo municipal

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:





“Leva o concello anos en loita contra os plumachos e parece que sempre mira cara a fóra cando existen plumachos en moitísimas zonas do concello sen que lles conste acción ou iniciativa ningunha pola súa parte para a súa eliminación. Ademais dos existentes nos laterais das vías públicas, pódense observar en moitas fincas privadas e por suposto para nada que quede ben claro que os responsables sexan os propietarios, pero como coñecedor desta especie invasora a súa actitude vai ser a mesma, botarlle a culpa ó resto de institucións novamente. Polo que rogan que se estableza unha estrateixa financiada e apoiada con fondos públicos para a eliminación deste plumacho, en colaboración cos propietarios.”

15.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre respectar o consumo de auga en época de seca

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Estes días co recibo do pago da subministración de auga, estase enviando unha carta de AquaOleiros sinalando instrucción para o aforro no consumo. O que lles parece incongruente e que este mesmo mes baleirárnse as piscinas de Oleiros para mantemento, poderíase ter esperado un pouco máis adiante. De feito, hoxe mesmo publícase en prensa que o embalse de Cecebre está ó 50%, polo que rogan que se dea exemplo e que ese mantemento se faga cando haxa máis auga.”

15.10.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre execución de rede de saneamento en Lorbé

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Dalles ledicia saber, pese a que era unha obriga municipal, colocou tubaxe e arquetas para o saneamento para o restaurante e vivendas de Lorbé, rogan que se conecte o máis axiña posible á rede municipal e que convenie con Portos de Galicia a instalación da estación de bombeo porque vai prestar servizo tanto ás actividades do porto coma ás vivendas e restaurante que estarán a carón dela, polo tanto non bote balóns fóra e, ó mesmo tempo, tampouco se poña medallas polas obras feitas por outras administracións.”

15.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre convites a actos públicos municipais

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“No pleno de organización plantexaron unha proposta para mellorar o funcionamento do concello, non se aceptou na maioría dos puntos pero si pareceu aceptar o alcalde que se lles invitase ós demais membros da corporación a eventos ou actos públicos que se organizasen no nome do Concello de Oleiros.

Como todo o mundo coñece, entre esa sesión plenaria e a de hoxe, pasou todo o verán e ¿Saben a cantos actos públicos foron convidados durante ese período de tempo? A dous en todo o verán.

Un convite chegou da man da Sra. Vázquez Maseda, efectivamente fixeron mención a ela, responsable de deportes para asistir ás finais do torneo de fútbol masculino e feminino, o día 24 de agosto e por mor de vacacións estivais foilles imposibles asistir.

A outra foi a da Sra. Santos Zas, responsable da concellería de cultura, para convidarlles á inauguración da feira “Alfaroleiros”, o malo foi que esa inauguración foi ás 12.30 h. do día 2 de agosto, mércores e polo tanto día lectivo, e o convite recibírono ese mesmo día ás 11.17 h., apenas unha hora antes de inaugurarse o evento.

Polo tanto, rogan que se cumpra co acordado e comuníquense coa antelación suficiente en tempo e forma.”

15.12.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre coidados a realizar sobre as árbores no Parque de Fonte Leocadia

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“Achegan un novo roga da maltratada Sta. Cristina, nesta ocasión a proposta de veciños e veciñas do Parque Fonte Leocadia no que levan tempo reclamando que se coiden as árbores dese parque e se o alcalde toma interese no tema, poderá comprobar que levan tempo e tempo presentando escritos desde o ano 2019 e como estamos no 2023 e pareceran xa as listaxes de espera do SERGAS, necesitan e insiste en que así o están a solicitar desde hai anos, que se poden algúns árbores porque as polas caen sen control, rachan e caen sobre a prazas polo que temen que se poida producir algún accidente, ademais deberanse recoller esas polas tiradas polo aire e que permanecen alí amoreadas no propio parque.”





15.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre ampliación de prazas de aparcadoiro express gratuíto na Rúa Viñas de Babilonia

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“Veciños e veciñas de Sta. Cruz, especialmente aqueles que teñen negocios comerciais na Rúa Viñas de Babilonia, solicitan a zona de aparcadoiro express gratuíto, tamén chamado parking rápido, entre os números 18 e 30. Neste tramo existen podólogos e outras actividades comerciais que precisan desa ampliación.”

15.14.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre instalación de bolardos a carón do IES Miraflores

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Dende a ANPA do IES Miraflores levan pedindo a instalación de bolardos para mellora da seguridade dos percorridos peonís evitando que se soban os vehículos ás beirarrúas para recoller ós rapaces e rapazas, dende xaneiro de 2020. A día de hoxe seguen sen estar colocados eses bolardos, a concelleira leva tres anos excusándose como pode alegando problemas orzamentarios do plan de mobilidade. Se ocorre un atropello ¿A quen botarán as culpas? O goberno municipal alegou que bolardos non, que tiñan outro sistema patentado polo alcalde e o xoves anterior ó día das eleccións, foi citada a ANPA para dicirlles que si a todo.

O certo é que dun día para outro, un veciño acadou que se colocasen tres bolardos case que fronte ó IES tal e como quería e o máis curioso foi que aconteceu a semán pasada, xusto despois de que o luns 18 a concelleira de educación volvera poñer excusas á ANPA durante a celebración dun consello escolar, polo que rogan que se proceda á instalación dos bolardos que reclama a entidade desde hai mil días para mellorar a seguridade, unha vez que queda comprobado que orzamento existe e o que falla é o respecto pola xente que adica o seu tempo altruísticamente para mellorar a vida de todos.”

15.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre corrección de erratas na publicación “Vivir en Oleiros”

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Roga que se faga unha fé de erratas e se corrixan os erros observados na publicación “Vivir en Oleiros”, dado que no último existen dúas cuestións que deben corrixirse e cita textualmente:

“En relación ás praias, a normativa europea impide o acceso dos cans ós areais, durante o inverno si que é posible a entrada de cans tal e como realizan numerosos cidadáns de Oleiros e doutros concellos.”

Cómpre corrixilo porque non é certo, a non ser que quen o redactou confunda “bandeira azul”, que é unha entidade privada e que é quen prohíbe, coa bandeira azul da Unión Europea, trátase logo dunha incorrección.

E na sección de cartas ós lectores, tribuna aberta, por certo que a primeira carta fala de política estatal, cuestión que parece que neste pleno non se quere debater, sinálase que ese é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar o que se desexe, os textos son reproducidos de forma íntegra, etc. Pois resulta que nesa mesma sección asina unha carta con nome e apelidos e que por protección de datos non vai dicir JCT e se é o mesmo que figura no BOP como persoal que o alcalde nomea a dedo, non parece o máis axeitado restar ese espazo á veciñanza para que escriba un asesor pagados cos cartos dos propios oleirenses.

Certo é que en canto á política de manipulación informativa, este concello parece non ter límites, coas súas medias verdades e cortinas de fume cada vez que hai un problema, por favor pregan que se corrixan esas prácticas e que os redactores e xornalistas do concello non escriban.”

Antes de iniciar a súa quenda de rogos, o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, solicita que as sesións plenarias se convoquen antes ou que sexan polas mañás, porque polo seu traballo é ten que estar mañán ás 7:45 h. no seu posto e a verdade é que cústalle moito, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que si se poñen noutro horario non poderá asistir público e ratifica que as sesións plenarias convocaranse para as 20 horas, o Sr. **Roca** sinala que logo que se convoquen un pouco antes, ó que insiste o alcalde que os plenos serán ás 20:00 horas como sempre.





15.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre aplicación de frecuencias de liñas de bus durante o ano

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Observamos durante os meses de verán que en determinadas festas (Mera, Lorbé. Santa Cruz...) a Xunta adaptou o horario e as liñas dos autocarros ás necesidades, hábitos e actividades da cidadanía, aínda con eivas.

Como querer é poder, pedimos ao Concello que demande da Xunta que manteña estas frecuencias durante todo o ano, adaptando estas liñas e horarios ao lecer nocturno durante as fins de semana e feriados cos chamados autocarros moucho.”

15.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre aprobación dunha ordenanza de contaminación acústica e ruidos

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Co gallo das festas, eventos e demais incidencias destas datas, detectamos certos problemas de convivencia en espazos públicos e privados.

Achan que xa chegou o momento de que un Concello tan habitado, especialmente na época do verán, e con tantas actividades de lecer conte cunha normativa propia de ruído adaptada ás devanditas peculiaridades de Oleiros, cómpre tamén destacar a necesidade de que a esta ordenaza encha baleiros existentes como a contaminación acústica producida nos domicilios particulares, ben propiedade horizontal ben urbanizacións; sen esta normativa, a policía local atopa numerosas eivas para poder intervir.

Rogamos ao Concello que aproba unha ordenanza de contaminación acústica e «ruidos».”

15.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre aplicación da normativa legal por infracción de ordenanzas administrativas

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Dende contas de organismos oficiais como “Concello de Oleiros” observaron como se fan xuízos paralelos de cidadáns que presumiblemente puideron ter infrinxido algunha ordenanza administrativa. Para estes casos xa existen procedementos legais con todas as garantías constitucionais necesarias, entre elas que a súa condición sexa reservada fronte a terceiras persoas e que non dea lugar a ningún linchamento ou escarnio público.

Rogamos ao Concello que se limite a aplicar unicamente os procedementos legais establecidos e non os perigosos «xuízos paralelos».”

15.19.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre adaptación dos servizos de limpeza viaria ó incremento poboacional e do parque de vivenda de Oleiros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Seguindo co tema do lixo, obsérvase como a construción de novos edificios aparentemente non vai acompañada da ampliación/adaptación do servizo de limpeza/recollida .

Descoñecemos como se xestionan estas mudanzas, mais nun Concello que medra tanto en poboación como en número de vivendas, debería existir un seguimento periódico protocolizado do funcionamento do servizo de recollida do lixo. Malia termos o servizo xestionado no Consorcio das Mariñas, a competencia e polo tanto a responsabilidade, seguen a ser do Concello.

Rogamos ao Concello que solicite ao Consorcio das Mariñas a necesaria adaptación dos servizos de limpeza viaria e nomeadamente de recollida do lixo, ás novas necesidades de incremento poboacional e do parque de vivenda en Oleiros.”

15.20.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre contratación do servizo de mantemento de parques e xardíns

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Concello de Oleiros sacou a concurso unha asistencia técnica para elaborar os pregos que rexerán a contratación do servizo de mantemento de parques e xardíns. Nesta asistencia técnica deberanse introducir medidas tendentes á redución do uso de produtos fitosanitarios. O Concello privatiza ou externaliza este





traballo, manifestando a imposibilidade de facelo con medios públicos pola alta carga de traballo dos servizos municipais.

Achan que nos vindeiros pregos alén de proceder á «redución» de produtos fitosanitarios, deberíanse introducir como medida alternativa, outros métodos sustentábeis como pode ser a loita biolóxica, alén de eliminar os herbicidas do mantemento habitual e que fiquen para o control e a loita contra as plantas invasoras, como os chamados “plumachos”, como falaba antes a concelleira do P.P. Estas medidas non deben ser só aplicábeis ao contrato de mantemento de parques e xardíns senón tamén facela extensiva á limpeza viaria, ampliando esta eliminación de glifosatos e demais produtos químicos á limpeza viaria.

Rogamos ao Concello adopte estas medidas.”

15.21.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre petición á Xunta de Galicia para solucionar a problemática dos xabaríns

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Fixeron a petición formal para a instalación de xaulas trampas ós xabaríns, acompañado do preceptivo informe dando conta dos lugares por onde transitan e en qué data foi realizado?.”

15.22.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre retirada dun forol de Agramar

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Cando se procederá á retirada do farol en Agramar?.”

15.23.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre arranxo do cerramento do Xunqueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“¿Cando se procederá ó arranxo do cerramento do Xunqueiro, porque vai pasando o tempo e son xa tres anos?.

Vaise pasando a pelota do Concello a Costas, de Costas ó Concello, pero a realidade é que segue igual.”

15.24.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre solución á praga de roedores en Sta. Cristina e Perillo

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Venesa Domínguez**, sinalando:

“A problemática de proliferación de ratas en Sta. Cristina e Perillo e xa un tema moi preocupante ¿Pensa o alcalde incrementar as campañas de desratización? Ou tamén botaralle a culpa á Xunta de Galicia.”

15.25.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre instalación de paso de peóns na Avda. Isaac Díaz Pardo á altura de ASPRONAGA

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Cartelle**, sinalando:

“Na sesión plenaria pasada solicitaron a instalación dun paso de peóns na Avda. Isaac Díaz Pardo, á altura da asociación ASPRONAGA ¿Solicítouse? O dí porque se están levando a cabo obras de arranxo preto e sería unha mágoa que pasase a oportunidade para instalalo.”

15.26.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre instalación de radar fixo no Couto

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“¿Por qué o goberno do Sr. García Seoane non quere mellorar de inmediato a seguridade en O Couto, instalando un radar fixo tal e como lle pediron desde o PSdeG, tras falar coa veciñanza?; ¿Quen será o responsable no caso dun accidente por exceso de velocidade?.

Eles lamentan que prefiran seguirse a pasar a pataca quente coa Xunta de Galicia en vez de amañar os problemas dos cidadáns tomando medidas, que si están na súa man.”

15.27.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre o edificio sito na entrada da localidade de Mera

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:





CONCELLO DE
OLEIROS

"Sobre o edificio existente na entada á localidade de Mera. En relación con este asunto, o alcalde declarou en febreiro do 2022 "...cando se tire o edificio de Mera, ou se lles pagará ou terán unha vivenda nova. A diferenza entre se lles pagará e terán unha vivenda nova non é menor, dado que o pagamento da indemnización non dará para acceder a unha vivenda nova dixo.

A respecto das consideracións estéticas dixo "É un edificio horrible, un caixón que tapa Mera" Ante isto ¿Cantos cidadáns de Oleiros deben temer que a xuízo do Sr. García as súas casas sexan horribles e sexan demolidas?; ¿A seguridade xurídica dos propietarios? Escolla vostede, obriga pola súa ausencia ou é francamente mellorable."

15.28.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre a reforma do Mercado Municipal de Perillo

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Sobre o Mercado Municipal de Perillo anunciaron a 'bombo e platillo' que recorrerían a fondos europeos para levar a cabo a transformación dunha praza que necesita modernizarse, dito de xeito textual. En cambio calaron cando a solicitude foi desestimada por non acreditar o aforro enerxético que se xeraría coa actuación, literalidade da causa de denegación T2 da orde.... "segundo os datos conquistados dos certificados de eficiencia enerxética non se acredita a redución a menos do 30%". Isto provoca que a cidadanía de Oleiros vaia ter que poñer do seu peto máis de 500.000 € pola mala xestión do goberno municipal, polo que pregunta ¿Cando se van levar a cabo as obras? E ¿Cando alguén vai asumir o erro na tramitación?; ¿Cal é o responsable político?."

15.29.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre festa organizada por "Alternativa dos Veciños" nunha parcela de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"En relación á derradeira festa que organizou "Alternativa dos Veciños" en Bastiagueiro, queren saber ¿Alcance e custes das actuacións levadas a cabo na leira e a responsable sobre os danos causados e se é intención do concello reclamarlle á "Alternativa dos Veciños" por ser a organizadora?: ¿Qué obras realizaron na leira nos días previos?: ¿Quen determinou a necesidade das mesmas?; ¿Existían informes de deficiencias?; ¿Por qué facelas neste intre?; ¿Cal foi o importe que terán que facer fronte os oleirenses por esas obras?; ¿Interviu algún operario municipal na preparación, montaxe ou desmontaxe?."

Por outra banda, unha gran parte da finca cubriuse por un gran carpa e ó se tratar dunha zona axardinada provocou uns danos notables, ademais da presenza de vehículos de gran tonelaxe para montaxe e desmontaxe, deteriorando aínda máis a zona axardinada, polo que entenden que tralos danos producidos polo uso indebido do recinto, do mesmo xeito que noutras ocasións, o goberno municipal e o alcalde no seu caso, exixirán á propia "Alternativa dos Veciños" que se fagan cargo das reparacións, polo que preguntan ¿A canto ascende a reparación dos danos causados polo evento? E ¿Cando vai ser ingresado este importe? Evitando así que os oleirenses paguen a súa desfeita."

15.30.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre vixilancia na feira "Alfaroleiros"

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Gustaríalles coñecer o motivo por qué neste ano foi a Policía Local de Oleiros a encargada de realizar a vixilancia da Feira "Alfaroleiros". A fotografía era a de tódalas noites o vehículo da Policía Local aparcado en paralelo ó Hotel Noa vixiando os postos. Non se explican como coa falla de números da Policía Local existente se faga uso dunha patrulla para realizar este servizo e tendo en conta ademais de que como o evento conta con axudas doutras administracións non se custeasen a prestación deste servizo con seguridade privada como en outros anos que si que se tiña feito."

15.31.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre presenza de furgonetas, carpas e resto de equipaxe para rodaxe dun filme ou anuncio publicitario na Costa de Dexo

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"O pasado 19 de maio, dous veciños denunciaron a presenza de drons e automóbeis privados no Monumento Natural da Costa de Dexo, zona do Seixo Branco, acreditada en documentos gráficos. O 31 de xullo constan denuncias de veciños relativas á presenza dunha manda invasiva de rodaxe dun presunto filme ou anuncio publicitario, que ocupaba a Costa de Dexo con varias furgonetas, carpas, equipas pesadas, sets e mesmo un dron. Esta presenza está prohibida.





CONCELLO DE
OLEIROS

Cónstalle ao Concello que existira algunha autorización da Xunta de Galicia para o desenvolvemento destas actividades non permitidas?”

15.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a situación do servizo de atención ó consumidor no concello

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Na web de Consumo da Xunta da Galiza figura un número de teléfono do Concello de Oleiros para atender cuestións da cidadanía relacionada con esta área de Consumo, área que en Oleiros ten unha Concelleira adicada en exclusiva á mesma. Este servizo non existe na actualidade, situación que xera unha grande eiva, xa que desatende un servizo fundamental nun Concello coas características de Oleiros.

Cales son as razóns que levan o concello a fechar un servizo desta relevancia para a cidadanía?”

15.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre adopción de medidas contra o presumible retraso da execución final da Vía Ártabra

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Os erros da Conselleira Ethel Vázquez vencellados coa Vía Ártabra, sen que mediara ningunha dimisión ou destitución, provocan que xa se fale dun atraso de anos nesta vía na súa unión coa AP-9 e eliminando calquera posibilidade de unión coa A-6. A ambigüidade e o desleixo son absolutos por parte da Xunta cara a esta esencial infraestrutura, caendo directamente na aldraxe; dende o BNG daremos os pasos necesarios onde corresponda.

Que medidas de presión vai adoptar o Concello de Oleiros de cara a reverter a devandita aldraxe?

15.34.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre eivas no alumeado en diferentes parroquias municipais

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Detectamos e recibemos queixas constantes da cidadanía referente a deficiencias na iluminación en diversas parroquias do Concello, que afectan mesmo a núcleos urbanos cunha alta densidade de poboación. Dende o BNG de Oleiros consideramos necesario o deseño dun plano lumínico que parta dunha preceptiva avaliación dos distintos núcleos do concello, zonas máis residenciais, contornas de determinados equipamentos públicos (aparcadoiros das piscinas, campos de fútbol, polideportivos, bibliotecas, casas do Pobo..), principais vías de comunicación entre núcleos, sendas peonís, etc. Un dos obxectivos desa avaliación sería o de detectar tanto zonas iluminadas de menos como zonas iluminadas de máis (coa conseguinte contaminación lumínica) e sistemas lumínicos que xa ficaron obsoletos.

Que pasos está a dar o Concello de cara á elaboración dun plano lumínico municipal ou de cara a solucionar estas eivas?”

15.35.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre aplicación da normativa na loita contra os lumes

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No pasado pleno ordinario do mes de xaneiro, este concelleiro preguntaba o seguinte:

«A normativa autonómica, nomeadamente a Lei de montes, fixa unhas distancias mínimas da maleza e de eucaliptos, acacias e piñeiros a respecto das vivendas. No Concello dispoñemos ademais dunha Ordenanza que regula as plantacións e cortas no Concello de Oleiros

Estando a tomar medidas dende o Goberno Local para o cumprimento destas distancias mínimas con respecto ás vivendas da veciñanza?». O Alcalde respostou que se eliminase cada árbore situada perto das casas, rematarían con todas as árbores, xa que hai casas por todo o Concello.

Agora o Concello demanda, con moito atraso e aínda que con lóxica, aos propietarios dos «eucaliptos inclinados» sobre a avenida Che Guevara a súa «corta inmediata» ante o «risco de caída inminente»; se non, e vía requirimento municipal, será o propio Concello o que proceda á eliminación das árbores ao abeiro da ordenanza municipal de limpeza e da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais da Galiza, e cargará todos os custes nos propietarios.





CONCELLO DE
OLEIROS

Pensan aplicar, tal e como é preceptivo, esta normativa básica na loita contra os lumes e a seguraza cidadá nas numerosas infraccións da mesma existentes no noso Concello ou van seguir a ollar cara outro lado?."

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, contestando que sobre a petición realizada polo grupo "Popular" para nomear unha rúa ó recentemente finado xornalista Pepe Domingo Castaño, dicir que o goberno municipal non considera esta petición, tendo en conta que o nomeamento dunha rúa é un acto extraordinario e emblemático e que saiban en todos estes anos, esta persoa non tivo ningunha relación co concello, agás que veraneaba de cando en vez en Mera e alternaba por alí, pero relación co concello insisten en que ningunha polo que non van acceder á petición. A demora no remate das obras na Avda. Salvador de Madariaga, como acontece noutras desgraciadamente a retirada dos postes da luz por parte de FENOSA é cando ela o estima e sempre pola súa culpa retrázanse o que o goberno municipal quixera o remate ou a continuación de obras.

No que atinxe ó exposto sobre os plumachos, cre que é a Xunta de Galicia a institución que está a contaminar máis Galicia porque cada vez que realiza unha limpeza de cunetas das vías da súa titularidade ou cada vez que fai unha rotonda, como a da Rocha, que a fixo hai poucos meses e está chea ata de nabos, e a súa contorna practicamente ata Carral está invadida de plumachos, de feito, neste vindeiro pleno da Deputación provincial vai presentar unha moción a respecto disto porque ademais o grave é que está a contaminar tódalas parcelas ó seu carón e eliminar esa plaga dunha finca é moi custoso.

Sobre o baleirado das piscinas dos complexos municipais, por coidado da saúde dos e das usuarias hai que renovar o agua cada certo tempo, non se pode estar botando cloro continuamente sen renovar ese auga periódicamente, non se pode facer doutro xeito ó estar establecido por normativa sanitaria.

Medallas en canto á Vía Ártabra, todas porque foi o enxeñeiro municipal Rafael Astor quen fixo o proxecto da Vía Ártabra, nun plan de mobilidade municipal e que logo se defendeu ante a Xunta de Galicia, pois levaban 15 anos sen enlazala co Porto de Lorbé e, por riba, cando fan a obra negábanse a realizar o saneamento da zona baixa do porto onde están a nave dos mariñeiros ou da que arregla os barcos; o bar sito alí ou a depuradora de marisco, que levan anos e anos evacuando fecais ó porto, polo que ía sendo hora que arranxasen isto e desde logo que foi por presión municipal e ó final recollérono no proxecto, agora falla por rematar co bombeo.

O grupo "Socialista" falou da participación en actos municipais dos grupos políticos municipais, convidáronse a todos e non apareceron por exemplo ás finais do torneo de fútbol de mulleres e homes, por estar de vacacións pois que se lle vai facer.

As podas de árbores no Parque de Fonte Leocadia, nese ámbito vaise desenvolver unha urbanización e existen unha serie de árbores que pertencen a unha propiedade privada, os que sexan de titularidade municipal miraranos. A ampliación de parking express na Rúa Viñas de Babilonia, o que non poden facer é instalar parking express ó longo de toda a rúa porque logo os veciños e veciñas non terán onde aparcar; sobre a instalación dos bolardos enfronte do IES Miraflores solicitada pola ANPA, xa se dixo que se instalaran e en canto á presenza de cans nos areais no verán, non se permiten sen máis.





CONCELLO DE
OLEIROS

Sobre o exposto polo voceiro do BNG, de adaptar liñas e con maior frecuencia do transporte público están totalmente de acordo, levan anos demandándoo e en canto á aprobación dunha ordenanza de ruidos, tamén están de acordo e sobre a utilización dos contedores de lixo, tamén de acordo pero é que hai que actuar porque hoxe mesmo na urbanización nova de Sta. Cruz, fronte á casa de Esther Pita, volve haber outra mudanza e día sí e outro tamén, lévanse a cabo mudanzas e adoitan depositar o lixo fóra dos contedores e estanse a sancionar.

No que atinxe ó plantexado do coidado dos xardíns municipais, estase a elaborar un novo prego para unha nova licitación porque tamén hai que engadir zonas novas e aínda que cre que os pregos están ben pódese mirar a inclusión de novas condicións para melloralos.

Na quenda de preguntas formuladas, sobre a petición de xaulas para xabaríns xa se solicitaron no seu intre cando era titular da consellería Beatriz Mato e ata hoxe, non se mandou ningunha e o tema dos xabaríns é unha praga que están a destrozando Oleiros, 149.000 € de xaneiro a xuño e desde xuño para aquí xa se leva outra cantidade similar en gasto de arranxo de xardíns e outros destrozos; o do Xunqueiro reclamen á administración competente, porque o concello nada ten que ver.

No tema das ratas, existe un contrato de desratización e estanse a combater a través da empresa concesionaria deste servizo, segundo se avisa pola cidadanía que existen ratas nun lugar determinado desde a concellería responsable se chama á empresa ou, incluso, pode chamarse directamente á mesma.

A petición do concelleiro do grupo “Popular” sobre a instalación dun paso de peóns na entrada de ASPRONAGA, aproveiten agora que está a Xunta de Galicia a facer obras nese lugar, porque se trata dunha estrada de titularidade autonómica e solicítenllo que son do mesmo partido, ante esta situación o concelleiro propoñente, D. **Jaime Núñez**, pide permiso para solicitalo, ó que o alcalde respóndelle afirmativamente engadindo que seguro que lle fan máis caso que se o fai o propio goberno municipal.

Segue na quenda de resposta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que en canto ó tema do paso de peóns no Couto, cre que está todo falado e de feito, o único que está imputado ante o xulgado é el mesmo neste asunto por poñer un sinal en contra da Xunta de Galicia denunciando a situación.

No falado do Mercado Municipal de Perillo, ten que dicir que teñen unha desgracia porque o goberno municipal non é da corda do PSOE non lles dan ningunha axuda e buscan sempre desculpas para non concedelas e terá que arranxarse polo concello nalgún intre.

En canto ó exposto sobre a festa de “Alternativa dos Veciños”, parece que agora o seu partido non pode facer unha festa entre compañeiros e amigos e foi unha cesión dunha finca de propiedade municipal, como se lle cede a calquer veciño ou veciña que a solicite e, por certo, esa finca levan usándoa ó longo deste ano 3.716 veciños usado esa finca.

Este ano en “Alfaroleiros” foi a Policía Local coa que se chegou a un acordo, a que fixo a vixilancia da feira e que noutras ocasións a facía seguridade privada, este ano insiste en que se chegou a un acordo co Cadro da Policía Local e foron quen fixo este servizo e con axentes fóra de servizo, polo que non se minorou ningún servizo.





CONCELLO DE
OLEIROS

A respecto das pregunta realizadas polo concelleiro do BNG e relativas á grabación dunha película no Seixo Branco ¿Qué mal fixeron unhas furgonetas e uns drons? Fixeron unha grabación nun lugar marabilloso e fermoso do que deron difusión por todo o mundo dese monumento natural que temos na zona norte do concello e calquera que veña pedir autorización para facer grabacións similares contarán coa autorización municipal, porque insiste en que non deixa de ser un activo cara ó exterior da fermosura da costa oleirense.

A oficina ó consumidor na Xunta de Galicia ten un funcionamento horrible e non aconsella a ninguén que faga uso dela... Abunda sobre esta cuestión a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, Sra. **Varela**, que aquí en Oleiros funciona e tamén o teléfono ó efecto, onde se atenden consultas, queixas e demais.

Segue contestando o alcalde. D. **Ángel García**, sobre as cuestións formuladas e sobre o tema da continuidade da Vía Ártabra, sinala que é un escándalo porque levan as obras dous anos paradas e vai solicitar unha entrevista coa conselleira par que lle dea resposta a isto, ó mellor como agora vai haber Eleccións autonómica anuncian a contratación, pero a anuncia porque non cre que se vaian continuar estas obras.

No que atinxe ó tema exposto sobre a contaminación lumínica, levan substituídos milleiros de puntos de luz e neso están, aínda que débese ter en conta que existen ó longo de todo o termo municipal uns 13.000 puntos de luz.

Tema de maleza e eucaliptos, dicir que o que non van é cortar uns árbores a aquelas vivendas que estean metidas nos montes, ninguén mandolle ir construír alí, só faltaba que o concello tivera que talar tódolos árbores para que lle dea sol a esa vivenda, insiste que está no medio do monte. En canto á loita contra os eucaliptos, en Oleiros non existen agora plantacións, estanas a eliminar e controlándoas, pero o que non van eliminar son as árbores, porque son vida.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.53 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta e sete (47) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

